

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

16347 *Lei 9/2020, do 16 de decembro, pola que se modifica a Lei 1/2005, do 9 de marzo, pola que se regula o réxime do comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro, para intensificar as reducións de emisións de forma eficaz en relación cos custos.*

FELIPE VI

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei:

PREÁMBULO

I

A Directiva 2003/87/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de outubro de 2003, pola que se establece un réxime para o comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro na Comunidade e pola que se modifica a Directiva 96/61/CE do Consello, instaurou o réxime de comercio de dereitos de emisión da Unión Europea co fin de fomentar a redución das emisións destes gases dunha forma eficaz, en relación co custo e economicamente eficiente. Esta directiva foi trasposta ao ordenamento xurídico español mediante a Lei 1/2005, do 9 de marzo, pola que se regula o réxime de comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro.

O Consello Europeo do 24 de outubro de 2014 asumiu o compromiso de reducir as emisións globais de gases de efecto invernadoiro da Unión Europea polo menos nun 40 % para 2030 con respecto aos valores de 1990. Para isto, todos os sectores da economía deben contribuír a esa redución das emisións e o obxectivo debe alcanzarse da maneira máis eficaz posible en relación cos custos. Confirmou, ademais, que o principal instrumento europeo para alcanzar este obxectivo é un réxime de comercio de dereitos de emisión da Unión Europea (en diante RCDE UE) reformado que funcione correctamente, máis un instrumento para estabilizar o mercado. O obxectivo para os sectores cubertos polo RCDE UE quedou establecido nunha redución en 2030 do 43 % por debaixo dos niveis de 2005.

O 12 de decembro de 2015, baixo a Convención marco das Nacións Unidas sobre o cambio climático, adoptouse o Acordo de París, que entrou en vigor con carácter xeral o 4 de novembro de 2016. España asinou o citado acordo o 22 de abril de 2016 e ratificouno o 23 de decembro de 2016. Foi publicado no «Boletín Oficial del Estado» o 2 de febreiro de 2017 e entrou en vigor o 11 de febreiro de 2017. O Acordo de París ten como obxectivo principal manter o aumento da temperatura media do planeta moi por debaixo de 2 °C por enriba dos niveis preindustriais e perseverar nos esforzos para limitar o aumento da temperatura a 1,5 °C por enriba deses niveis. A Unión Europea enviou contribución determinada da Unión Europea e os seus Estados membros á Secretaría da Convención marco das Nacións Unidas sobre o cambio climático o 6 de marzo de 2015.

En 2018 aprobouse a Directiva (UE) 2018/410 do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de marzo de 2018, pola que se modifica a Directiva 2003/87/CE para intensificar as reducións de emisións de forma eficaz en relación cos custos e facilitar os investimentos en tecnoloxías hipocarbónicas, así como a Decisión (UE) 2015/1814, que entrou en vigor no 8 de abril de 2018.

Esta directiva constitúe o marco lexislativo da Unión Europea para o período de comercio 2021-2030 (fase IV) do RCDE UE e configúrase como un dos instrumentos principais da Unión Europea para alcanzar os seus obxectivos de redución de emisións en 2030, en liña cos compromisos asumidos polo Consello Europeo en 2014 e como parte da contribución da Unión Europea ao Acordo de París. Para isto, a Directiva (UE) 2018/410, do 14 de marzo de 2018, introduce unha serie de medidas destinadas a reforzar o RCDE UE. Entre elas, destacan o incremento do factor de redución linear –que pasa do 1,74 % na fase III (período 2013-2020) ao 2,2 % na fase IV, a partir de 2021–, a poxa como método principal de asignación de dereitos de emisión, a continuidade da asignación gratuíta cunha mellora das disposicións sobre fugas de carbono, máis enfocadas aos sectores en risco de fuga, así como a creación de diversos fondos destinados a financiar a transición a unha economía baixa en carbono. Na fase IV, o período de comercio 2021-2030 divídese, para efectos de asignación gratuíta de dereitos e en relación coas instalacións fixas, en dous períodos de asignación, que abranguen respectivamente os anos 2021-2025 e 2026-2030.

Xunto coa Directiva (UE) 2018/410, do 14 de marzo de 2018, a Unión Europea adoptou diversos actos delegados e de execución dirixidos a garantir a eficacia e a robustez do RCDE UE no período 2021-2030. Así, no referente ao seguimento e notificación de emisións e á acreditación e verificación, estes en que se sustenta o RCDE UE, foron aprobados o Regulamento de execución (UE) 2018/2066 da Comisión, do 19 de decembro de 2018, sobre o seguimento e a notificación das emisións de gases de efecto invernadoiro en aplicación da Directiva 2003/87/CE do Parlamento Europeo e do Consello e polo que se modifica o Regulamento (UE) n.º 601/2012 da Comisión; e o Regulamento de execución (UE) 2018/2067 da Comisión, do 19 de decembro de 2018, relativo á verificación dos datos e á acreditación dos verificadores de conformidade coa Directiva 2003/87/CE do Parlamento Europeo e do Consello. Introducíronse cambios tamén na regulación do Rexistro da Unión Europea, mediante o Regulamento (UE) 2018/208 da Comisión, do 12 de febreiro de 2018, que modifica o Regulamento (UE) n.º 389/2013 polo que se establece o Rexistro da Unión.

No relativo ao sector aéreo foi adoptado o Regulamento (UE) 2017/2392 do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de decembro de 2017, polo que se modifica a Directiva 2003/87/CE co obxecto de manter as limitacións actuais do ámbito de aplicación para as actividades da aviación e preparar a aplicación dunha medida de mercado mundial a partir de 2021. O citado regulamento prolonga a vixencia do alcance reducido do RCDE UE na aviación até o ano 2023.

É igualmente salientable a Decisión delegada (UE) 2019/708 da Comisión, do 15 de febreiro de 2019, que completa a Directiva 2003/87/CE do Parlamento Europeo e do Consello no referente á determinación dos sectores e subsectores que se consideran en risco de fuga de carbono para o período 2021-2030.

Canto ás normas sobre como debe efectuarse a asignación transitoria gratuíta de dereitos de emisión entre 2021 e 2030, foi adoptado o Regulamento delegado (UE) 2019/331 da Comisión, do 19 de decembro de 2018, polo que se determinan as normas transitorias da Unión Europea para a harmonización da asignación gratuíta de dereitos de emisión conforme o artigo 10 bis da Directiva 2003/87/CE do Parlamento Europeo e do Consello. Tamén foi adoptado o Regulamento de Execución (UE) 2019/1842 da Comisión, do 31 de outubro de 2019, polo que se establecen disposicións de aplicación da Directiva 2003/87/CE do Parlamento Europeo e do Consello respecto das disposicións adicionais de axuste da asignación gratuíta de dereitos de emisión debido a modificacións do nivel de actividade. Así mesmo, encóntranse en fase de negociación no ámbito da Unión Europea as normas sobre a determinación dos parámetros de referencia para a asignación gratuíta.

A necesidade de incorporar ao ordenamento xurídico español as novidades que afectan o RCDE UE no novo período de comercio que comeza o 1 de xaneiro de 2021 incluídas pola Directiva (UE) 2018/410, do 14 de marzo de 2018; introducir os elementos conexas das restantes normas adoptadas a nivel da Unión Europea; dotar da suficiente

coherencia e efectividade o RCDE UE en España e aliñalo coa normativa da Unión Europea, modificada en profundidade nos últimos dous anos, xustifican a modificación da Lei 1/2005, do 9 de marzo.

Tal como sucedeu en modificacións anteriores, existen determinadas cuestións chave na configuración da fase IV do RCDE UE que non se recollen nesta lei, na medida en que se trata de aspectos que son obxecto dunha xestión que debe realizarse a nivel da Unión Europea e que, por tanto, ou ben non requiren transposición ou ben se abordan mediante unha remisión xeral á normativa da Unión Europea, sen menoscar a necesidade de que a lei inclúa unha visión completa e coherente da fase IV do RCDE UE.

A Directiva (UE) 2018/410, do 14 de marzo de 2018, sinala que os Estados membros porán en vigor o máis tardar o 9 de outubro de 2019 as disposicións legais, regulamentarias e administrativas necesarias para o seu cumprimento.

Deste prazo exceptúase o artigo 1, punto 14, alínea f), que modifica o artigo 10 bis, número 6, da Directiva 2003/87/CE, que debía estar en vigor o máis tardar o 31 de decembro de 2018 e que se introduciu no noso ordenamento xurídico mediante a disposición derradeira terceira do Real decreto 18/2019, do 25 de xaneiro, polo que se desenvolven aspectos relativos á aplicación do réxime de comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro no período 2021-2030.

Esta modificación da Lei 1/2005, do 9 de marzo, vén acompañada doutros cambios normativos de nivel regulamentario que aseguran a correcta implementación do RCDE UE na fase IV. Pódese destacar, entre as normas xa adoptadas, a aprobación do mencionado Real decreto 18/2019, do 25 de xaneiro, así como o Real decreto 317/2019, do 26 de abril, polo que se define a medida de mitigación equivalente á participación no réxime de comercio de dereitos de emisión no período 2021-2025 e se regulan determinados aspectos relacionados coa exclusión de instalacións de baixas emisións do réxime de comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro. Así mesmo, encóntrase en fase de tramitación o proxecto de real decreto polo que se desenvolven aspectos relativos ao axuste da asignación gratuíta de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro no período 2021-2030 e que trasporá o número 14, alíneas m) e n); e o número 17, no seu último inciso, do artigo 1 da Directiva (UE) 2018/410, do 14 de marzo de 2018.

Esta lei, que constitúe por tanto unha transposición parcial, consta dun artigo único, unha disposición transitoria e tres disposicións derradeiras.

Na redacción do anteproxecto de lei tívose en conta a xurisprudencia do Tribunal Constitucional en relación coas competencias do Estado e das comunidades autónomas en materia de cambio climático e, en particular, a Sentenza 87/2019, do 20 de xuño de 2019.

II

As modificacións introducidas no capítulo I da Lei 1/2005, do 9 de marzo, inclúen a actualización do obxecto da norma conforme o establecido na Directiva 2018/410, do 14 de marzo de 2018, e a inclusión de novas definicións, entre as cales destaca a de novo entrante respecto de cada un dos dous períodos de asignación.

Así mesmo, introdúcese un artigo 2 bis para profundar nas relacións de cooperación e colaboración entre a Administración xeral do Estado e as comunidades autónomas nas materias sobre cambio climático, incluíndo as medidas equivalentes adoptadas para as pequenas instalacións excluídas do RCDE UE que se refiran no informe do artigo 21 da Directiva 2003/87/CE, do 13 de outubro de 2003. A regulación da Comisión de Coordinación de Políticas de Cambio Climático, órgano chave na coordinación e colaboración entre a Administración xeral do Estado e as comunidades autónomas para a aplicación do RCDE UE en España, adécuese mediante unha formulación máis flexible.

Finalmente, engádese un novo número no artigo 3 bis relativo ás mesas de diálogo social para garantir a participación das organizacións sindicais e asociacións empresariais no seguimento do impacto da normativa relacionada coa loita contra o cambio climático e

as políticas de transición ecolóxica na competitividade, o emprego e a cohesión social e territorial.

III

O capítulo II regula o réxime das autorizacións de emisión de gases de efecto invernadoiro con que deben contar as instalacións sometidas ao ámbito de aplicación da lei e cuxo outorgamento corresponde ao órgano competente que designe a comunidade autónoma en que se sitúe a instalación. Destaca a eliminación da obrigación por parte do órgano autonómico de revisar cada cinco anos a autorización de emisión de gases de efecto invernadoiro.

IV

Por razóns de sistemática e claridade expositiva, dado o seu carácter xeral, o capítulo III contén a regulación dos dereitos de emisión que até agora se viñan recollendo no capítulo V da lei.

Como novidade, precísase que os dereitos de emisión expedidos a partir do 1 de xaneiro de 2013 terán unha validez indefinida. Os dereitos de emisión e os derivados deles teñen a consideración de instrumentos financeiros conforme a normativa nacional e da Unión Europea que resulte de aplicación, entre outras, a sección C do anexo I da Directiva 2014/65/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio de 2014, relativa aos mercados de instrumentos financeiros e pola que se modifican a Directiva 2002/92/CE e a Directiva 2011/61/UE.

Pola súa vez, a duración dos períodos de comercio de dereitos de emisión poderá comprender máis dun período de asignación, en relación coa asignación gratuíta. Deste modo, a fase IV do RCDE UE divídese, para as instalacións fixas, en dous períodos de asignación que abranguen respectivamente os anos 2021-2025 e 2026-2030.

V

O capítulo IV regula a asignación de dereitos de emisión e divídese en dúas seccións. Na sección primeira, entre os principios xerais, a poxa segue consagrada como o método básico de asignación de conformidade coa normativa da Unión Europea que determinará, entre outros, a porcentaxe de dereitos que se poxan. Désígnase a Secretaría de Estado de Ambiente como o órgano encargado da organización das poxas de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro e de velar por que estas se leven a cabo conforme a normativa da Unión Europea e, se for o caso, a súa normativa de desenvolvemento. Establécese, entre outras novidades, que o titular da citada Secretaría de Estado exerza a función de poxador. Igualmente, indícase que, en caso de cesamento da capacidade de xeración de electricidade como consecuencia da adopción de medidas nacionais adicionais, a Secretaría de Estado de Ambiente poderá cancelar unha cantidade máxima dos dereitos de emisión que se vaian poxar até alcanzar a media das emisións verificadas da instalación de que se trate nos cinco anos anteriores ao cesamento de capacidade da instalación afectada.

A seguir, na sección segunda deste capítulo actualízanse as disposicións relativas á asignación gratuíta transitoria que poden recibir as instalacións para a fase IV do RCDE UE. Mantense a cantidade de dereitos de emisión asignados gratuitamente, que será do 100 por cento da cantidade determinada de acordo coas normas da Unión Europea para os sectores ou subsectores expostos a un risco significativo de fuga de carbono. Enténdese por sectores ou subsectores expostos a un risco significativo de fugas de carbono aqueles en que a aplicación do RCDE UE provocaría un aumento das emisións en terceiros países que non impuxeron á súa industria obrigacións comparables en materia de emisións de carbono.

No entanto, para as instalacións que non pertencen a sectores ou subsectores expostos a un risco significativo de fugas de carbono e sexan susceptibles de recibir

asignación gratuíta, a cantidade de dereitos de emisión asignados gratuitamente será obxecto de redución. Así, en 2021 e até 2026 a porcentaxe redúcese ao 30 % da cantidade determinada de acordo coas normas da Unión Europea harmonizadas. A partir de 2026, a porcentaxe irase reducindo de forma anual na mesma cantidade co fin de chegar en 2030 a unha situación en que non se asigne ningún dereito de emisión de forma gratuíta, con excepción da calefacción urbana, que manterá até o ano 2030 a porcentaxe do 30 por cento da cantidade determinada de acordo coas normas da Unión Europea harmonizadas.

A partir de 2021, igual que sucedía no período 2013-2020, non se asignarán dereitos de emisión de forma gratuíta á xeración de electricidade, ás instalacións de captura, ás conducións para o transporte nin ás instalacións de almacenamento de dióxido de carbono.

Así mesmo, igual que no período 2013-2020, unha cantidade de dereitos de emisión será reservada como asignación gratuíta para os novos entrantes na fase IV. Esta reserva é común e única para toda a Unión e rexeráse pola normativa da Unión Europea.

Destaca como principal novidade respecto do procedemento para solicitar asignación gratuíta de dereitos de emisión que determinados aspectos, como son a determinación do prazo para a presentación das solicitudes, o seu contido, formato e a documentación que se debe presentar, serán desenvolvidos regulamentariamente. Neste senso, no que atinxe ás instalacións, foi aprobado o Real decreto 18/2019, do 25 de xaneiro, que xa adiantou algunhas cuestións para o período de asignación 2021-2025.

VI

Dedícase un novo capítulo V á regulación dos axustes e da devolución da asignación gratuíta de dereitos de emisión, que responde á necesidade de incorporar no noso ordenamento xurídico unha das novidades máis relevantes introducidas pola Directiva (UE) 2018/410, do 14 de marzo de 2018, así como á necesidade de achegar maior seguranza xurídica e axilidade aos procedementos que se viñeron desenvolvendo até a data e cuxo volume se incrementará previsiblemente de forma moi notable na fase IV do RCDE UE como consecuencia das novidades introducidas. Así, establécese que a cantidade asignada gratuitamente a cada instalación deberá ser axustada de acordo co nivel de actividade da instalación determinado sobre a base dunha media móbil de dous anos, cando a variación dese nivel de actividade, sexa á alza ou á baixa, supere o quince por cento en comparación co nivel de actividade utilizado inicialmente para determinar a asignación gratuíta no período de asignación. Nótese que, de acordo coa regulación da Unión Europea, o axuste na asignación se realiza empregando os datos a nivel de subinstalación facilitados no informe do nivel de actividade verificado. En caso de que a diferenza entre o nivel de actividade dunha subinstalación e o seu nivel histórico de actividade sexa maior que o quince por cento, axustarase a asignación da instalación. Conságrase tamén a obriga de devolver os dereitos gratuítos expedidos en exceso. Tanto os aspectos relativos aos axustes como as circunstancias que motiven a devolución, así como o procedemento que a regule, son obxecto de desenvolvemento regulamentario, atendendo ao que determina a normativa da Unión Europea.

VII

O capítulo VI regula as obrigacións de seguimento e notificación das emisións para as instalacións fixas e dos niveis de actividade, así como a verificación de datos e acreditación dos verificadores, incorporando as novidades que se estableceron na Unión Europea neste ámbito. Este capítulo divídese en dúas seccións e afecta exclusivamente as instalacións fixas. A normativa aplicable aos operadores aéreos relativa a esta materia queda incluída no capítulo IX, dedicado á aviación, para efectos de claridade expositiva.

Na sección primeira, xunto ás obrigacións de seguimento das emisións, que deberán seguir realizándose con base no plan de seguimento de emisións incluído na autorización de emisión de gases de efecto invernadoiro aprobado polo órgano autonómico competente, establécese como novidade para a fase IV do RCDE UE a obriga de levar a cabo un seguimento dos niveis de actividade das subinstalacións en que estea dividida cada

instalación. Esta nova obrigação, que afecta as instalacións que reciben asignación gratuíta de dereitos de emisión, deberá levarse a cabo con base no plan metodolóxico de seguimento, que será aprobado pola Oficina Española de Cambio Climático, de conformidade coa normativa da Unión Europea e coas normas que se adopten a nivel regulamentario, ademais das previsións xa contidas no Real decreto 18/2019, do 25 de xaneiro.

Así mesmo, xunto á obrigação xa existente nas fases anteriores do RCDE UE de presentar o informe verificado correspondente ás emisións do ano precedente, o titular da instalación deberá presentar tamén, no 28 de febreiro de cada ano, un informe verificado anual sobre os datos do nivel de actividade do ano precedente correspondentes ás subinstalacións en que estea dividida a instalación. Este informe será valorado pola Oficina Española de Cambio Climático de acordo coa normativa da Unión Europea e permitirá o axuste da asignación gratuíta nos casos en que así proceda.

Na sección segunda introdúcese unha nova disposición relativa á acreditación dos verificadores que desenvolvan as actividades de verificación baixo o RCDE UE, que deberán estar acreditados conforme os requisitos establecidos na normativa da Unión Europea.

VIII

O capítulo VII fai referencia á regulación do Rexistro da Unión Europea e ás obrigações de entrega de dereitos de emisión. En concreto, preséntase a regulación da Área Española do Rexistro da Unión Europea de Dereitos de Emisión, cuxa administración está atribuída á Oficina Española de Cambio Climático, na cal os titulares de instalacións fixas e operadores aéreos administrados por España deberán abrir unha conta de haberes para cumprir coa obrigação de entrega de dereitos de emisión en cantidade equivalente ás emisións producidas no ano anterior. En relación coa expedición de dereitos de emisión, as circunstancias en que non se proporá a transferencia de dereitos gratuítos de emisión serán determinadas regulamentariamente e de acordo co establecido na normativa da Unión Europea. Pola súa vez, identifícanse algúns casos en que se suspenderá a transmisión de dereitos de emisión. Por último, prohíbese a entrega con dereitos de emisión expedidos por un Estado membro que notificase ao Consello Europeo a súa intención de retirarse da Unión conforme o artigo 50 do Tratado da Unión Europea, cando proceder e mentres for necesario a fin de protexer a integridade ambiental do RCDE UE.

IX

O réxime sancionador regúlase no capítulo VIII e é de aplicación a todos os suxeitos afectados polo RCDE UE, e comprende, por tanto, instalacións fixas e operadores aéreos. Acorde coas novas obrigações de seguimento e notificación que afectan a IV fase do RCDE UE, introdúcese novas infraccións, como as relativas a non presentar o plan metodolóxico de seguimento e o informe do nivel de actividade verificado das subinstalacións en que estea dividida a instalación, así como ao incumprimento da obrigação de devolver os dereitos gratuítos transferidos en exceso unha vez que adquira firmeza a resolución pola que se ordena a devolución, consonte, en cada caso, o previsto no desenvolvemento regulamentario desta lei.

En relación coas instalacións excluídas do RCDE UE, tipifícase como infracción moi grave o incumprimento da medida de mitigación equivalente á participación desa instalación no RCDE UE definida regulamentariamente. As referencias a esta medida de mitigación efectúanse na disposición adicional cuarta, cuxo desenvolvemento se leva a cabo no nivel regulamentario. Modifícanse, así mesmo, os artigos relativos á atribución da potestade sancionadora.

X

Finalmente, o capítulo IX, dedicado á aviación, contén a regulación específica do sector aéreo baixo o RCDE UE. Nel descríbese a normativa de aplicación ás obrigacións de seguimento e á notificación das emisións dos operadores aéreos. Mantéñense as disposicións relativas á asignación gratuita dos operadores aéreos, incluída a reserva especial de dereitos de emisión. Este capítulo complétase co disposto na modificación da disposición transitoria terceira da Lei 1/2005, do 9 de marzo, que comprende o réxime transitorio para o sector aéreo nos anos de 2013 a 2023, así como coa modificación levada a cabo no anexo I da lei para introducir a exclusión do RCDE UE até o 31 de decembro de 2030 dos operadores aéreos non comerciais cun total de emisións anuais inferiores a 1.000 toneladas de CO₂, correspondentes a voos con orixe ou destino nun aeródromo situado no territorio a que se aplica a Directiva 2003/87/UE, do 13 de outubro de 2003, na súa versión consolidada.

XI

Respecto das disposicións adicionais da Lei 1/2005, do 9 de marzo, destaca en particular a modificación efectuada na disposición adicional cuarta, pola que se regula a exclusión de instalacións de pequeno tamaño. España decidiu seguir dando opción á exclusión destas instalacións durante o período de asignación 2021 a 2025, mais procedeu, non obstante, a redefinir o contido mínimo da medida equivalente con base nos novos obxectivos de redución de emisións, para o cal aprobou o Real decreto 317/2019, do 26 de abril de 2019. Debe terse en conta que as emisións das instalacións excluídas se computan dentro do obxectivo nacional de redución de emisións establecido no Regulamento (UE) 2018/842 do Parlamento Europeo e do Consello, do 30 de maio de 2018, sobre reducións anuais vinculantes das emisións de gases de efecto invernadoiro por parte dos Estados membros entre 2021 e 2030 que contribúan á acción polo clima, con obxecto de cumprir os compromisos contraídos no marco do Acordo de París, e polo que se modifica o Regulamento (UE) 525/2013. É imperativo, pois, que as instalacións excluídas contribúan de forma significativa ao cumprimento do obxectivo nacional. A fin de avaliar se efectivamente é así, no ano 2023 o Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico realizará un informe sobre a aplicación até a data do réxime de exclusión das instalacións de baixas emisións. Á vista deste informe, mediante real decreto de Consello de Ministros, poderase estender a aplicación do réxime de exclusión a partir de 2026.

Tamén hai que referirse ao cambio que se leva a cabo na disposición adicional sétima pola que se engade a obrigación da Oficina Española de Cambio Climático, como autoridade competente en materia da administración da área española do Rexistro da Unión Europea, de informar sen demora as autoridades competentes en materia de investigación e loita contra a fraude, branqueo de capitais ou financiamento do terrorismo, de calquera transacción nese rexistro que poida estar relacionada co branqueo de capitais ou o financiamento do terrorismo, así como de cooperar coas autoridades competentes nacionais ou europeas en materia de supervisión dos mercados de dereitos de emisión, cando teña motivos razoables para sospeitar que se están a realizar actos constitutivos de operacións con información privilexiada no dito mercado, de acordo cos mecanismos de coordinación establecidos pola normativa da Unión Europea.

Modifícanse as disposicións transitorias primeira a terceira da Lei 1/2005, do 9 de marzo, e suprímense aquelas que perderon vixencia.

A disposición transitoria primeira contén o réxime transitorio para o cumprimento das obrigacións de entrega até o 30 de abril de 2021. Queda establecido que os titulares de instalacións poderán entregar até o 30 de abril de 2021 dereitos de emisión distintos dos dereitos de emisión asignados á aviación para cumprir coa obrigación anual de entrega.

A disposición transitoria segunda garante que as unidades correspondentes aos créditos internacionais xerados polas actividades de proxectos de aplicación conxunta («URE») ou mecanismos de desenvolvemento limpo («RCE») do Protocolo de Quioto, de

conformidade co artigo 11 ter da Directiva 2003/87/CE, do 13 de outubro de 2003, sexan elixibles para o seu uso e intercambio por dereitos de emisión válidos, na medida en que non superen os límites cuantitativos e cualitativos establecidos na normativa da Unión Europea e até a data que esta determine.

Na disposición transitoria terceira aclárase o réxime transitorio para a aviación durante os anos 2013-2023, como consecuencia dos cambios introducidos pola normativa da Unión Europea. En concreto, mediante o Regulamento (UE) 2017/2392, do 13 de decembro de 2017, prorrogase a actual excepción de aplicar as obrigacións do RCDE UE aos voos con orixe ou destino en terceiros países até o 31 de decembro de 2023 introducida polo Regulamento (UE) n.º 421/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de abril de 2014, que modifica a Directiva 2003/87/CE, pola que se establece un réxime para o comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro na Comunidade, con vistas á execución, de aquí a 2020, dun acordo internacional que aplique unha única medida de mercado mundial ás emisións da aviación internacional. Durante os anos 2013-2023 encóntranse excluídas do ámbito de aplicación do RCDE UE determinadas rutas a que fai referencia expresa a disposición transitoria terceira, respecto das cales os operadores aéreos non teñen, por tanto, obrigacións de seguimento, notificación e entrega de dereitos de emisión. Isto non obsta para que os operadores aéreos incluídos no RCDE UE poidan estar suxeitos a obrigacións adicionais que se introduzan na normativa nacional ou da Unión Europea para a aplicación do instrumento de mercado global no marco da Organización de Aviación Civil Internacional. Neste senso, a Comisión Europea está facultada para adoptar actos delegados no que respecta ao seguimento, notificación e verificación adecuados das emisións da aviación internacional, para efectos da aplicación do mencionado instrumento de mercado global. Engádense, ademais, novidades que permiten aos operadores aéreos poder acollerse a metodoloxías de seguimento e notificación de emisións simplificadas, caso de emitiren por debaixo das 3.000 toneladas de CO₂ anuais no alcance reducido do RCDE UE. Faise referencia, igualmente, á asignación gratuíta e aos dereitos a poxar para a aviación nese período suxeitos á regulación establecida pola normativa da Unión Europea.

Así mesmo, modifícanse as disposicións derradeiras primeira a terceira da Lei 1/2005, do 9 de marzo, e suprímese a disposición derradeira terceira bis. Na nova disposición derradeira segunda sobre incorporación do dereito da Unión Europea engádense expresamente a incorporación parcial da Directiva (UE) 2018/410, do 14 de marzo de 2018.

Modifícase o anexo I para incluír no punto 29, dedicado á aviación, unha alínea k) que incorpora a exclusión dos operadores non comerciais que emitan por debaixo do limiar establecido na normativa da Unión Europea. Modifícase, así mesmo, o anexo V da Lei 1/2005, do 9 de marzo, para actualizar o cadro relativo aos suxeitos afectados polas distintas disposicións da lei.

Esta lei modificativa contén unha disposición transitoria única, de forma que determinadas disposicións modificadas se manteñen vixentes na súa redacción anterior no que se refire ao período de comercio 2013-2020, asegurando a continuidade entre a fase III e a fase IV do RCDE UE.

Finalmente, contén tres disposicións derradeiras. A disposición derradeira primeira recolle os títulos competenciais que serven de base á regulación adoptada. Cabe invocar en primeiro lugar o artigo 149.1.23.^a da Constitución española, que reserva ao Estado a competencia exclusiva para ditar a lexislación básica sobre protección do ambiente, sen prexuízo das competencias das comunidades autónomas de estableceren normas adicionais de protección. Isto débese a que, como xa sucedeu coa Lei 1/2005, do 9 de marzo, e coa modificación operada pola Lei 13/2010, do 5 de xullo, pola que se modifica a Lei 1/2005, do 9 de marzo, as novidades introducidas por esta lei seguen sendo disposicións de carácter marcadamente ambiental tanto polo seu obxectivo –contribuír á redución das emisións antropoxénicas de gases de efecto invernadoiro á atmosfera– como pola súa orixe os compromisos asumidos conforme o Acordo de París, a directivas obxecto de transposición e os demais regulamentos da Unión Europea. Desta forma, reguláronse

con carácter de lexislación básica en materia de protección do ambiente as modificacións relativas ás autorizacións de emisión, as obrigacións de seguimento e notificación das emisións e de verificación de datos, salvaguardando as competencias autonómicas de ditar normas de desenvolvemento que establezan un nivel de protección superior, así como as súas competencias de execución ou xestión en materia de ambiente nos seus respectivos territorios. Canto aos operadores aéreos, o seu control ambiental lévao a cabo a Administración xeral do Estado con base na mesma xustificación que respecto á Lei 13/2010, do 5 de xullo, serviu de fundamento para incorporar no noso ordenamento xurídico a Directiva 2008/101/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 19 de novembro de 2008, pola que se modifica a Directiva 2003/87/CE a fin de incluír as actividades de aviación no réxime comunitario de comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro.

Así mesmo, esta lei dítase en virtude do establecido no artigo 149.1.13.^a da Constitución, que reserva ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica. Isto débese a que o RCDE UE ten consecuencias sobre sectores económicos concretos, como son o sector industrial e eléctrico e o sector da aviación, e afecta a toma de decisións empresariais. As modificacións que se introducen agora inclúen igualmente unha dimensión económica e é por isto que debe seguir téndose en conta a competencia estatal prevista nese artigo. Desta forma, igual que sucedeu coa Lei 13/2010, do 5 de xullo, e de acordo co que admitiu a xurisprudencia constitucional, as novidades agora introducidas teñen o carácter de bases que rexen o funcionamento do mercado de dereitos de emisión, así como o carácter de medidas singulares de execución indispensables para garantir a aplicación homoxénea do RCDE UE e evitar distorsións na competencia ou diferenzas inxustificadas entre sectores de actividade e entre instalacións. Neste senso, regulouse o réxime xurídico dos dereitos de emisión e o seu comercio, incluída a regulación dos períodos de comercio e a forma, así como os métodos de asignación de dereitos de emisión, a tramitación e a resolución de determinados procedementos, entre eles, os de asignación gratuíta, axuste e devolución de dereitos transferidos en exceso, de forma que se garanta que a aplicación do RCDE UE en España se adecue aos obxectivos establecidos a escala da Unión Europea e se realice de forma homoxénea no territorio, con independencia da localización territorial de cada instalación. Destacan neste senso as novidades introducidas canto ao seguimento dos niveis de actividade, ben como aos axustes nos niveis de asignación así que aqueles experimenten modificacións.

Finalmente, cabe sinalar que se considerou necesario invocar o título competencial concreto contido no artigo 149.1.20.^a da Constitución española en materia de control do espazo aéreo, tránsito e transporte aéreo, respecto do número trinta do artigo único desta lei por canto incide na competencia exclusiva do Estado.

A disposición derradeira segunda recolle expresamente a incorporación parcial da Directiva (UE) 2018/410, do 14 de marzo de 2018. Por último, a disposición derradeira terceira establece que a entrada en vigor da norma se fará efectiva no día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

XII

Esta lei adécuase aos principios de boa regulación previstos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. En particular, cumpre cos principios de necesidade e eficacia, xa que, mediante a modificación da Lei 1/2005, do 9 de marzo, contribúe ao obxectivo de interese xeral de adecuar o ordenamento xurídico nacional ás novidades introducidas pola normativa da Unión Europea en materia de comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro e, particularmente, á Directiva (UE) 2018/410, do 14 de marzo de 2018, sendo unha norma con rango de lei e unha norma de modificación da Lei 1/2005, do 9 de marzo, o instrumento máis eficaz para garantir a súa consecución. É acorde tamén co principio de proporcionalidade, xa que a lei contén a regulación imprescindible para atender a necesidade por satisfacer. Desta forma, introdúcese no ordenamento xurídico

español non só as disposicións necesarias para levar a cabo a transposición da mencionada directiva senón que, ademais, se adapta a norma para que a implantación da fase IV poida facerse de acordo coas novas previsións dos regulamentos da Unión Europea sinalados e da forma máis eficaz posible. Así mesmo, como se apuntou, non se inclúen aquelas previsións que son obxecto de definición e xestión no ámbito da Unión Europea, senón que se realizan remisións á citada regulación, dando así maior flexibilidade á regulación do RCDE UE en España. Esta lei é tamén acorde co principio de seguranza xurídica, ao ficar ligada ao dereito nacional e ao dereito da Unión Europea, e cumpre co principio de transparencia porque fomenta o cofecemento xeral do funcionamento e a aplicación do RCDE UE en España. Por último, é coherente co principio de eficacia, ao buscar dinamizar e simplificar procesos e limitar no posible as cargas administrativas.

Artigo único. *Modificación da Lei 1/2005, do 9 de marzo, pola que se regula o réxime do comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro.*

A Lei 1/2005, do 9 de marzo, pola que se regula o réxime do comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro, queda modificada como segue:

Un. O primeiro parágrafo do artigo 1 queda redactado nos seguintes termos:

«Esta lei ten por obxecto a regulación do réxime de comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro para intensificar as reducións das emisións destes gases dunha forma eficaz en relación cos custos e de maneira economicamente eficiente.»

Dous. A alínea b) do artigo 2 queda redactada nos seguintes termos:

«b) Expedición: o acto mediante o cal o administrador correspondente do Rexistro da Unión Europea incorpora á conta aloxada no citado rexistro as unidades ou os dereitos de emisión.»

Tres. A alínea k) do artigo 2 queda redactada nos seguintes termos:

«k) Novo entrante: dado un período de asignación, considérase novo entrante respecto a este período de asignación toda instalación en que se leve a cabo unha ou máis das actividades enumeradas no anexo I, que obtivese unha autorización de emisión de gases de efecto invernadoiro por primeira vez dentro dun prazo que se inicia dezaioito meses antes do inicio do período de asignación en cuestión e que finaliza dezaioito meses antes do inicio do seguinte período de asignación.»

Catro. A alínea s) do artigo 2 queda redactada nos seguintes termos:

«s) Estado membro responsable da xestión: é o Estado membro responsable de xestionar o réxime de comercio de dereitos de emisión da Unión Europea no que respecta aos operadores aéreos.

Se o operador aéreo dispón dunha licenza de explotación da Unión Europea, o Estado membro responsable da xestión será o que concedese a licenza de explotación a ese operador. Noutro caso, o Estado membro responsable da xestión será aquel para o cal se calcularon as emisións da aviación atribuídas máis elevadas, procedentes dos voos operados polo operador aéreo durante o ano de referencia e que conste atribuído a ese Estado na «Lista de operadores de aeronaves e Estados membros responsables da xestión que lles corresponden» a que se refire o número 6 do anexo I.»

Cinco. A alínea v) do artigo 2 queda redactada nos seguintes termos:

«v) Plan de seguimento das emisións: a documentación pormenorizada, completa e transparente da metodoloxía de seguimento das emisións dunha

instalación ou operador aéreo concreto, incluída a documentación das actividades de adquisición e tratamento de datos e o sistema de control da súa veracidade.»

Seis. Engádense as alíneas h), ñ), y) e z) ao artigo 2, que quedan redactadas como segue:

«h) Entrega: contabilización dun dereito de emisión polo titular dunha instalación ou un operador de aeronaves para efectos das emisións verificadas da súa instalación ou aeronave.»

«ñ) Supresión: eliminación definitiva dun dereito de emisión polo seu titular sen contabilizalo para efectos das emisións verificadas.»

«y) Cancelación: eliminación definitiva dunha unidade de redución de emisións ou redución certificada de emisións polo seu titular sen contabilizala para efectos das emisións verificadas.»

«z) Retirada: contabilización dunha unidade de redución de emisións ou redución certificada de emisións por unha parte no Protocolo de Quioto para efectos das emisións notificadas desa parte.»

Sete. Introdúcese un novo artigo 2 bis, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 2 bis. *Relacións de cooperación e colaboración.*

A Administración xeral do Estado e as comunidades autónomas cooperarán e colaborarán en materia de cambio climático e forneceranse mutuamente a información que estiver no seu poder, en particular, en relación coas metodoloxías aplicables aos diferentes sectores, con melloras tecnolóxicas e calquera outra que sexa relevante para efectos da autorización de emisión de gases de efecto invernadoiro, a verificación das emisións, a asignación individualizada de dereitos de emisión ou en relación co informe relativo á aplicación da Directiva 2003/87/CE, do 13 de outubro de 2003, previsto no seu artigo 21, incluíndo as medidas equivalentes adoptadas para as pequenas instalacións excluídas do réxime de comercio de dereitos de emisión da Unión Europea que se referisen no devandito informe. A Administración xeral do Estado e as comunidades autónomas tamén cooperarán e colaborarán nos proxectos de desenvolvemento limpo e de aplicación conxunta do Protocolo de Quioto á Convención Marco de Nacións Unidas sobre Cambio Climático.»

Oito. O artigo 3 queda redactado como segue:

«Artigo 3. *Comisión de Coordinación de Políticas de Cambio Climático.*

1. Créase a Comisión de Coordinación de Políticas de Cambio Climático, como órgano de coordinación e colaboración entre a Administración xeral do Estado e as comunidades autónomas para a aplicación do réxime de comercio de dereitos de emisión e o cumprimento das obrigacións de información internacionais e da Unión Europea inherentes a este e, en xeral, para a coordinación e colaboración nos seguintes ámbitos:

- a) O seguimento do cambio climático e adaptación aos seus efectos.
- b) A prevención e redución das emisións de gases de efecto invernadoiro.
- c) O fomento da capacidade de absorción de carbono das formacións vexetais.
- d) Tendo en conta os criterios que estableza o Consello Nacional do Clima, o establecemento das liñas xerais de actuación da autoridade nacional designada por España e dos criterios para a aprobación dos informes preceptivos sobre a participación voluntaria nos proxectos de desenvolvemento limpo e de aplicación conxunta do Protocolo de Quioto á Convención marco das Nacións Unidas sobre o cambio climático.

e) O impulso de programas e actuacións que fomenten a redución de emisións nos sectores e actividades non incluídos no ámbito de aplicación desta lei.

f) A elaboración e aprobación de directrices técnicas, recomendacións e notas aclaratorias para a harmonización da aplicación do réxime de dereitos de emisión.

g) O desenvolvemento e implantación dun réxime nacional de proxectos domésticos.

h) Emitir informe sobre os anteprojectos de lei e reais decretos que se tramiten no ámbito do réxime de comercio dos dereitos de emisión.

2. A Comisión estará presidida pola persoa titular da Secretaría de Estado de Ambiente. A persoa titular da Oficina Española de Cambio Climático designará a persoa que desempeñe as funcións de secretaria da Comisión.

A Comisión contará cos seguintes vogais:

a) Pola Administración xeral do Estado: dezanove vogais designados polos ministerios competentes en materia de ambiente, enerxía, economía, facenda, industria, turismo, comercio, interior, mobilidade, educación, ciencia, emprego, agricultura, pesca, alimentación, administracións públicas, sanidade, consumo, Axenda 2030 e vivenda, e un vogal designado pola Presidencia do Goberno.

b) Un vogal designado por cada comunidade autónoma.

c) Un vogal designado por cada unha das cidades de Ceuta e Melilla.

d) Un vogal representante das entidades locais, designado pola asociación de ámbito estatal con maior implantación.

3. A Comisión adoptará o seu propio regulamento de funcionamento interno.»

Nove. O artigo 3 bis queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 3 bis. *Consello Nacional do Clima e mesas de diálogo social.*

1. O Consello Nacional do Clima garantirá a participación das organizacións sindicais, empresariais e ambientais no seguimento da aplicación do réxime de comercio de dereitos de emisión canto aos seus efectos na competitividade, a estabilidade do emprego, a cohesión social e a coherencia ambiental.

2. En tal sentido, impulsaranse as mesas de diálogo social necesarias para garantir a participación das organizacións sindicais e asociacións empresariais no seguimento do impacto da aplicación do réxime de comercio de dereitos de emisión en España.»

Dez. O número 2 do artigo 4 queda redactado nos seguintes termos:

«2. A autorización de emisión de gases de efecto invernadoiro será outorgada polo órgano autonómico competente e terá o contido seguinte:

a) Nome e enderezo do titular da instalación.

b) Identificación, domicilio da instalación e domicilio para efectos de notificacións.

c) Unha descrición básica das actividades e emisións da instalación.

d) Un plan de seguimento das emisións que cumpra os requisitos conforme a normativa da Unión Europea aplicable e a normativa de desenvolvemento que se adopte.

e) As obrigacións de subministración de información, de acordo coa normativa da Unión Europea aplicable e, se for o caso, coa normativa de desenvolvemento.

e bis) As obrigacións sobre o uso de sistemas automatizados e formatos de intercambio de datos para harmonizar a comunicación sobre o plan de seguimento, o informe anual sobre as emisións e as actividades de verificación entre o titular, o verificador e as autoridades competentes.

f) A obrigación de entregar, nos catro meses seguintes ao final de cada ano natural, dereitos de emisión en cantidade equivalente ás emisións totais verificadas da instalación durante o ano anterior.

g) Data prevista de entrada en funcionamento.

h) A obrigación de abrir unha conta de haberes de titular na Área Española do Rexistro da Unión Europea.»

Once. O número 5 do artigo 4 queda redactado nos seguintes termos:

«5. Os titulares deberán manter os plans de seguimento das emisións actualizados de acordo coa normativa da Unión Europea e deberán notificar sen demora inustificada ao órgano autonómico competente calquera proposta de modificación do plan de seguimento. O órgano autonómico competente poderá permitir que os titulares actualicen os plans de seguimento de emisións sen modificación da autorización.

Sen prexuízo do anterior, en caso de que a dita modificación non sexa considerada significativa conforme a normativa da Unión Europea, o titular da instalación poderá presentar a modificación do plan de seguimento o máis tardar o 31 de decembro do mesmo ano en que teña lugar.

Calquera modificación do plan de seguimento das emisións considerada significativa conforme o establecido na normativa da Unión Europea someterase á aprobación do órgano autonómico competente. Cando o órgano autonómico competente considere que unha modificación notificada como significativa polo titular da instalación non teña tal consideración conforme o establecido na normativa da Unión Europea, informará desa circunstancia o titular da instalación.»

Doce. A alínea f) do artigo 5 queda redactada nos seguintes termos:

«f) Unha proposta de plan de seguimento de emisións que cumpra os requisitos exixidos pola normativa da Unión Europea e nacional vixentes en cada momento.»

Trece. O artigo 7 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 7. *Extinción da autorización.*

As autorizacións de emisión de gases de efecto invernadoiro quedarán extinguidas nos supostos de:

a) Feche da instalación.

b) Falta de posta en funcionamento da instalación despois de transcorridos tres meses desde a data de inicio de actividade prevista na autorización, salvo causa xustificada declarada polo órgano competente para outorgar a autorización.

c) Nos supostos de sanción, conforme o previsto no artigo 30.1.a).3.º

d) Suspensión da actividade da instalación durante un prazo superior a un ano. Excepcionalmente, o órgano competente poderá demorar a extinción da autorización até que transcorra un prazo máximo de dezaioito meses de suspensión da actividade, de acordo co previsto na normativa regulamentaria de desenvolvemento desta lei e no dereito da Unión Europea.»

Catorce. O artigo 8 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 8. *Comunicacións ao órgano competente en materia de rexistro.*

As comunidades autónomas comunicarán á Oficina Española de Cambio Climático, como órgano competente en materia de rexistro conforme o artigo 25.3, as resolucións de outorgamento, modificación e extinción das autorizacións no prazo de dez días desde a data da resolución.»

Quince. O capítulo III pasa a denominarse «Dereitos de emisión» e queda redactado nos seguintes termos:

«CAPÍTULO III

Dereitos de emisión

Artigo 9. Natureza xurídica dos dereitos de emisión.

1. O dereito de emisión configúrase como o dereito subxectivo a liberar á atmosfera unha tonelada equivalente de dióxido de carbono desde unha aeronave ou desde unha instalación incluída no ámbito de aplicación desta lei.

2. A titularidade orixinaria da totalidade dos dereitos de emisión que se outorguen de maneira gratuíta a instalacións situadas en territorio español e aos operadores aéreos cuxa xestión corresponda a España e a titularidade dos dereitos de emisión paxados corresponden á Administración xeral do Estado, que os asignará, alleará ou suprimirá de conformidade co establecido nesta lei.

3. O dereito de emisión terá carácter transmisible.

4. A expedición, titularidade, transferencia, transmisión, entrega e supresión dos dereitos de emisión deberá ser obxecto de inscrición na Área Española do Rexistro da Unión Europea.

Artigo 10. Normativa financeira aplicable aos dereitos de emisión.

1. Os dereitos de emisión e os derivados deles teñen a consideración de instrumentos financeiros conforme a normativa nacional e da Unión Europea que resulte de aplicación.

2. A normativa establecida a nivel nacional e da Unión Europea relativa aos mercados de instrumentos financeiros e de control deses mercados será de aplicación ás persoas físicas ou xurídicas que operen con dereitos de emisión ou derivados deles.

Artigo 11. Transmisión dos dereitos de emisión.

1. Os dereitos de emisión poderán ser obxecto de transmisión:

a) Entre persoas físicas ou xurídicas na Unión Europea.

b) Entre as anteriores e persoas físicas ou xurídicas en terceiros Estados ou entidades rexionais ou subfederais deses terceiros Estados, logo de recoñecemento mutuo dos dereitos das partes asinantes en virtude de instrumento internacional.

2. A adquisición de dereitos de emisión por unha persoa física ou xurídica que non teña a condición de titular de instalación ou operador aéreo requirirá a apertura previa da correspondente conta na Área Española do Rexistro da Unión Europea.

3. Os dereitos de emisión só poderán ser transmitidos polo seu titular unha vez expedidos e transferidos á súa conta conforme o establecido no artigo 26.

4. A transmisión terá lugar no momento da súa inscrición na Área Española do Rexistro da Unión Europea.

5. A titularidade publicada polo Rexistro da Unión Europea presúmese lexítima e non estará suxeito a reivindicación o terceiro que adquira de quen figure inscrito a título oneroso e sen má fe nin culpa grave.

Artigo 12. Validez dos dereitos de emisión.

Os dereitos de emisión expedidos a partir do 1 de xaneiro de 2013 terán validez indefinida. Os expedidos a partir do 1 de xaneiro de 2021 indicarán en que período de comercio se expediron, e serán válidos para as emisións desde o primeiro ano dese período en diante.

Artigo 13. *Períodos de comercio.*

1. Os períodos de comercio terán a duración que determine a normativa da Unión Europea e poderán comprender máis dun período de asignación.
2. O período de comercio 2021-2030 divídese, no ámbito das instalacións fixas, en dous períodos de asignación que son os seguintes: 2021-2025 e 2026-2030.»

Dezaseis. O artigo 14 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 14. *Principios xerais.*

1. A poxa é o método básico de asignación, de conformidade coa normativa da Unión Europea. A porcentaxe de dereitos de emisión que se poxen será aquela que determine a Comisión Europea en aplicación da normativa da Unión Europea.

2. As poxas desenvolveranse conforme a normativa da Unión Europea e rexeranse polos principios de liberdade de concorrencia, publicidade, transparencia, non discriminación e eficiencia. Neste senso, o réxime de poxas axustarase aos seguintes criterios:

a) Deberase velar por que os titulares e, en particular, calquera pequena ou mediana empresa incluída no ámbito de aplicación desta lei teñan un acceso pleno, xusto e equitativo.

b) Todos os participantes deberán ter acceso á mesma información ao mesmo tempo e ningún participante deberá obstaculizar o desenvolvemento das poxas.

c) A organización e participación nas poxas deberán ser eficientes desde o punto de vista dos custos e evitar todo custo administrativo innecesario.

d) A poxa garantizará que se conceda aos pequenos emisores o acceso aos dereitos de emisión.

3. Corresponde á Secretaría de Estado de Ambiente velar por que a aplicación e xestión das poxas de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro se leven a cabo de acordo co que estableza a normativa da Unión Europea e, se for o caso, coa normativa de desenvolvemento desta lei.

O titular da Secretaría de Estado de Ambiente desempeña a función de poxador, de acordo coa normativa da Unión Europea en materia de poxas.

4. En caso de cesamento da capacidade de xeración de electricidade como consecuencia de medidas nacionais adicionais, a Secretaría de Estado de Ambiente poderá cancelar unha cantidade máxima dos dereitos de emisión que se vaian poxar até alcanzar a media das emisións verificadas da instalación de que se trate nos cinco anos anteriores ao cesamento na capacidade. O dito órgano informará a Comisión Europea da cancelación prevista de conformidade coa normativa da Unión Europea en materia de poxas.»

Dezasete. O artigo 15 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 15. *Informes.*

No prazo dun mes após a celebración de cada poxa, a Secretaría de Estado de Ambiente publicará un informe sobre o seu desenvolvemento, en particular detallando a aplicación das normas de poxa, o acceso xusto e libre de todos os operadores, a transparencia na súa resolución, o cálculo dos prezos e os aspectos técnicos e operativos da súa celebración.»

Dezaioito. O artigo 16 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 16. *Instalacións susceptibles de recibir asignación gratuíta transitoria.*

1. Os sectores expostos a un risco significativo de fuga de carbono serán os que teña determinado a Comisión Europea, de acordo coa normativa da Unión.

En 2021 e en cada un dos anos seguintes até 2030, as instalacións de sectores ou subsectores expostos a un risco significativo de fuga de carbono recibirán dereitos de forma gratuíta. O grao de asignación gratuíta alcanzará neste caso o cen por cento da cantidade determinada de acordo coas normas da Unión Europea de carácter transitorio para a harmonización da asignación gratuíta de dereitos de emisión.

2. Para as instalacións que non pertencen a sectores ou subsectores expostos a un risco significativo de fugas de carbono e sexan susceptibles de recibir asignación gratuíta, a cantidade de dereitos de emisión correspondentes a 2021 asignados de forma gratuíta será até 2026 o trinta por cento da cantidade determinada de acordo coas normas da Unión Europea harmonizadas. Despois de 2026 e até 2030, e a menos que se decida doutro modo na revisión que se realice en virtude do artigo 30 da Directiva 2003/87/CE, do 13 de outubro de 2003, esa porcentaxe irase reducindo cada ano na mesma cantidade coa finalidade de chegar en 2030 a unha situación en que non se asigne ningún dereito de emisión de forma gratuíta, excepto a calefacción urbana, que manterá até 2030 a porcentaxe do trinta por cento da cantidade determinada de acordo coas normas da Unión Europea harmonizadas.

3. Sen prexuízo do disposto nos parágrafos primeiro e segundo deste número, a partir de 2021 non se asignarán dereitos de emisión de forma gratuíta aos xeradores de electricidade, ás instalacións de captura, ás conducións para o transporte nin os locais de almacenamento de dióxido de carbono.

Non obstante, no caso da electricidade producida mediante a combustión de gases residuais cuxa emisión no proceso de produción industrial non poida ser evitada, regulamentariamente, de conformidade co previsto pola normativa da Unión Europea, e sempre que esa normativa así o autorice, asignaranse dereitos de emisión de forma gratuíta aos titulares das instalacións de combustión dos gases residuais ou aos titulares das instalacións de orixe deses gases.

Asignaranse dereitos de emisión de forma gratuíta á calefacción urbana e á coxeración de alta eficiencia, tal e como se define na Directiva 2012/27/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de outubro de 2012, respecto da produción de calor ou refrixeración con obxecto de satisfacer unha demanda xustificada desde o punto de vista económico. En cada anualidade, a asignación total a este tipo de instalacións para a produción de calor adaptarase de acordo coas normas da Unión Europea.

4. De acordo co establecido na normativa da Unión Europea, non se asignará ningún dereito de forma gratuíta a unha instalación que cesase no seu funcionamento, a menos que o titular da instalación demostre á autoridade competente que esa instalación reemprenderá a produción nun prazo especificado e razoable.»

Dezanove. O artigo 17 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 17. *Regras de asignación.*

A metodoloxía de asignación gratuíta transitoria rexerese polas normas da Unión Europea de carácter transitorio para a harmonización da asignación gratuíta de dereitos de emisión, así como pola normativa de desenvolvemento desta lei que puiden establecerse.»

Vinte. O artigo 18 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 18. *Novos entrantes.*

1. Unha cantidade de dereitos de emisión será reservada como asignación gratuíta para os novos entrantes no período 2021-2030, de conformidade co

establecido na normativa da Unión Europea. Esta reserva de novos entrantes é común e única para toda a Unión e rexerese pola normativa desta.

2. Non se asignará ningún dereito de forma gratuíta a ningún tipo de produción de electricidade polos novos entrantes.»

Vinte e un. O artigo 19 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 19. *Asignación gratuíta individualizada de dereitos de emisión.*

1. Os titulares das instalacións poderán solicitar á Oficina Española de Cambio Climático a asignación gratuíta de dereitos de emisión para cada período de asignación.

2. Regulamentariamente establecerase o prazo de presentación das solicitudes de asignación gratuíta de dereitos de emisión e, se for o caso, o seu contido e formato e a documentación que deba acompañalas, así como calquera outro aspecto que se considere pertinente, de acordo coa normativa da Unión Europea.

3. A solicitude de asignación gratuíta de dereitos deberá vir acompañada da documentación en que conste:

a) Acreditación de ser titular da instalación e dispor de autorización de emisión de gases de efecto invernadoiro. En caso de que no momento da solicitude de asignación o titular teña solicitado a correspondente autorización, pero esta non fose outorgada aínda, poderá solicitar asignación presentando unicamente a solicitude de autorización. Non obstante, ao menos dezaioito meses antes do inicio do período de asignación deberá ter obtido a citada autorización e, nun prazo dun mes desde que a obtivo, tela presentado ante a Oficina Española de Cambio Climático. Se así non for, pasará a ser considerado novo entrante conforme a alínea k) do artigo 2.

b) Todos aqueles datos da instalación que sexan necesarios para calcular a súa asignación de acordo coas normas da Unión Europea harmonizadas sobre asignación gratuíta transitoria e, se for o caso, coa normativa de desenvolvemento desta lei.

c) Unha declaración responsable de que a instalación conta con todos os permisos e licenzas administrativos exixidos pola normativa aplicable estatal, autonómica e local para pór a instalación en funcionamento.

Non será necesario achegar os datos de emisións verificadas que xa consten inscritas no Rexistro da Unión.

No suposto de instalacións que non se encontren aínda funcionando, indicarse a data probable da súa entrada en funcionamento.

4. A asignación gratuíta de dereitos de emisión, unha vez realizado o trámite de información pública, adoptarse mediante acordo do Consello de Ministros, logo de consulta á Comisión de Coordinación de Políticas de Cambio Climático e por proposta dos ministerios de Asuntos Económicos e Transformación Dixital; de Industria, Comercio e Turismo; e para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico. Así mesmo, a fin de determinar a cantidade de dereitos asignables, tramitaranse as comunicacións que resulten oportunas coa Comisión Europea e que correspondan de acordo coa normativa da Unión.

5. O acordo determinará a cantidade de dereitos asignada durante un período de asignación e os dereitos asignados para cada ano a cada instalación. Transcorrido o prazo de vinte e dous meses desde a solicitude de asignación sen se ter notificado resolución expresa, o interesado poderá entender desestimada a súa solicitude por silencio administrativo.

6. Este acordo será comunicado, no prazo de dez días desde a súa adopción, ás comunidades autónomas.

7. As resolucións sobre a asignación individualizada de dereitos de emisión serán accesibles ao público, nos termos e coas limitacións previstas nas normas reguladoras do dereito de acceso á información en materia de ambiente.»

Vinte e dous. O capítulo V pasa a denominarse «Axustes e devolución da asignación gratuíta de dereitos de emisión» e queda redactado nos seguintes termos:

«CAPÍTULO V

Axustes e devolución da asignación gratuíta de dereitos de emisión

Artigo 20. *Axustes nos niveis de dereitos de emisión asignados de maneira gratuíta ás instalacións.*

1. A partir de 2021, cando o nivel de actividade dunha instalación, de acordo con avaliacións sobre a base dunha media móbil de dous anos, aumentase ou diminúise máis do quince por cento en comparación co nivel de actividade utilizado inicialmente para determinar a asignación gratuíta no período de asignación pertinente, axustarase a cantidade de dereitos de emisión asignada a esa instalación, de acordo co que estableza a normativa da Unión Europea.

Para o seu axuste, terase en conta o informe de actividade verificado segundo o disposto no artigo 22.2 nos termos establecidos na normativa da Unión Europea e na normativa de desenvolvemento desta lei.

2. Precisaranse regulamentariamente para o período 2021-2030 as circunstancias que determinen o cesamento da actividade ou o feche da instalación e os aspectos relativos aos axustes nos niveis de dereitos de emisión asignados gratuitamente ás instalacións como consecuencia de cambios nos niveis de actividade ou como consecuencia doutras circunstancias, de conformidade coa normativa da Unión Europea.

Artigo 21. *Devolución de dereitos de emisión.*

1. Os titulares das instalacións devolverán os dereitos de emisión que fosen transferidos en exceso ou que deban ser obxecto de devolución. O procedemento para devolvelos desenvolverase regulamentariamente e, en todo caso, garantizará a audiencia ao titular da instalación.

2. Transcorridos seis meses desde a data en que se notifique a resolución pola que se acorde a devolución dos dereitos de emisión que fosen transferidos en exceso ou que deban ser obxecto de devolución sen que o titular da instalación os devolvese, a Administración poderá proceder á súa execución forzosa conforme o procedemento que o Goberno estableza mediante real decreto.

3. O dereito da Administración para exixir aos titulares das instalacións a devolución da asignación transferida en exceso ou que deba ser obxecto de devolución prescribirá aos cinco anos desde a data en que se realízase a transferencia da asignación reclamada á conta do titular no Rexistro da Unión.

O dereito da Administración para proceder á execución de oficio prescribirá aos cinco anos desde a data en que se notificase a resolución pola que se acorde a devolución dos dereitos transferidos en exceso ou que deban ser obxecto de devolución.»

Vinte e tres. O capítulo VI pasa a denominarse «Obrigacións de seguimento e notificación das emisións para instalacións fixas e verificación de datos e acreditación dos verificadores» e queda redactado nos seguintes termos:

«CAPÍTULO VI

Obrigacións de seguimento e notificación das emisións e dos niveis de actividade para as instalacións fixas e verificación de datos e acreditación dos verificadores*Sección 1.^a Obrigacións de seguimento e notificación das emisións e dos niveis de actividade para as instalacións fixas**Artigo 21 bis. Seguimento das emisións e dos niveis de actividade das instalacións fixas.*

1. A partir do 1 de xaneiro de 2021 o seguimento das emisións realizarase con base no plan de seguimento de emisións incluído na autorización de emisión de gases de efecto invernadoiro aprobado polo órgano autonómico competente, de conformidade coa normativa da Unión Europea.

2. As instalacións que solicitasen asignación gratuíta de dereitos de emisión realizarán o seguimento dos niveis de actividade das subinstalacións en que estea dividida cada instalación con base no plan metodolóxico de seguimento aprobado pola Oficina Española de Cambio Climático, de conformidade coa normativa da Unión Europea e a normativa de desenvolvemento desta lei.

3. Regulamentariamente determinaranse os aspectos relacionados co plan metodolóxico de seguimento e as súas modificacións, de conformidade coa normativa da Unión Europea de aplicación.

Artigo 22. Notificación de información.

1. O titular da instalación deberá remitir ao órgano autonómico competente, antes do 28 de febreiro de cada ano, o informe verificado sobre as emisións do ano precedente, que se axustará ao exixido na autorización, segundo o disposto no artigo 4.2.e) e na parte A do anexo III.

2. O titular da instalación que teña outorgada asignación gratuíta de dereitos de emisión deberá remitir á Oficina Española de Cambio Climático, antes do 28 de febreiro de cada ano, un informe do nivel de actividade verificado das subinstalacións en que estea dividida a súa instalación, nos termos establecidos na normativa da Unión Europea e na normativa de desenvolvemento desta lei.

3. O contido mínimo dos informes referidos nos números 1 e 2 axustarase ao establecido na normativa da Unión Europea e na que se dite en desenvolvemento desta lei.

Estes informes deberán ser verificados de conformidade co disposto na parte A do anexo IV e na normativa da Unión Europea sobre verificación e acreditación, e, se for o caso, conforme a normativa de desenvolvemento desta lei. A citada normativa será sometida ao informe preceptivo da Comisión de Coordinación de Políticas de Cambio Climático.

A normativa de desenvolvemento poderá prever requisitos para que os titulares de instalacións notifiquen as emisións asociadas á fabricación de produtos por industrias grandes consumidoras de enerxía que poidan estar suxeitas á competencia internacional e para que a información relativa ás súas emisións sexa verificada de forma independente. Eses requisitos poden referirse á notificación dos niveis de emisión pola xeración de electricidade incluída no réxime da Unión Europea asociada á fabricación deses produtos.

A normativa de desenvolvemento en materia de seguimento e notificación poderá incluír requisitos sobre o uso de sistemas automatizados e formatos de intercambio de datos para harmonizar a comunicación para as instalacións fixas.

4. A información cuberta polo segredo profesional non poderá divulgarse a ningunha outra persoa ou autoridade excepto en virtude das disposicións legais, regulamentarias ou administrativas aplicables.

Artigo 23. *Valoración do informe verificado sobre as emisións do ano precedente.*

1. Se o órgano autonómico competente dá a súa conformidade ao informe verificado sobre as emisións do ano precedente descrito no artigo 22.1, inscribirá antes do 31 de marzo do ano en curso o dato sobre emisións do ano precedente na táboa de emisións verificadas que para tal efecto se habilite na Área Española do Rexistro da Unión Europea.

2. Se o órgano autonómico competente discrepar do informe verificado, notificará ao titular da instalación a existencia de discrepancias, a proposta de resolución destas para poder considerar satisfactorio o informe e, se for o caso, a estimación de emisións. Examinadas as alegacións do titular da instalación, o órgano autonómico competente resolverá e inscribirá na táboa de emisións verificadas habilitada para tal efecto na Área Española do Rexistro da Unión Europea o dato sobre emisións da instalación.

3. Nos supostos en que o titular non remítise o informe verificado no prazo establecido no artigo 22.1, o órgano autonómico competente procederá á estimación de emisións e inscribirá na táboa de emisións verificadas habilitada para tal efecto na Área Española do Rexistro da Unión Europea o dato sobre emisións da instalación. Efectuarase o trámite de audiencia previa ao titular da instalación conforme o previsto no artigo 82 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

4. A estimación do dato de emisións nos supostos dos números 2 e 3 deste artigo realizarase de acordo coa metodoloxía exixible.

5. A Comisión de Coordinación de Políticas de Cambio Climático poderá solicitar que as autoridades competentes para o exercicio das funcións previstas neste artigo informen no seu seo do desenvolvemento destas.

Sección 2.^a Verificación de datos e acreditación dos verificadores

Artigo 24. *Verificación de datos.*

O informe anual sobre os datos de emisións, o informe sobre os datos de referencia para solicitar asignación gratuíta, o informe sobre os datos de novo entrante e o informe do nivel de actividade deberán ser verificados de conformidade coa normativa da Unión Europea que desenvolve os artigos 14 e 15 da Directiva 2003/87/CE, do 13 de outubro de 2003.

Artigo 24 bis. *Acreditación dos verificadores.*

Os verificadores que desenvolvan as actividades de verificación do artigo 24 deberán estar acreditados de conformidade cos requisitos establecidos na normativa da Unión Europea e, en particular, no Regulamento de execución (UE) 2018/2067 da Comisión, do 19 de decembro de 2018, relativo á verificación dos datos e á acreditación dos verificadores de conformidade coa Directiva 2003/87/CE do Parlamento Europeo e do Consello.»

Vinte e catro. O capítulo VII pasa a denominarse «Rexistro da Unión Europea e obrigacións de entrega de dereitos de emisión» e queda redactado nos seguintes termos:

«CAPÍTULO VII

Rexistro da Unión Europea e obrigacións de entrega de dereitos de emisión

Artigo 25. *Rexistro da Unión Europea.*

1. O Rexistro da Unión Europea é o instrumento a través do cal se asegura a publicidade e permanente actualización da titularidade e control dos dereitos de emisión e doutras unidades, como as unidades de redución de emisións ou as

reducións certificadas de emisións do Protocolo de Quioto, e regúlase pola normativa da Unión Europea e polo establecido nesta lei.

2. Os titulares de instalacións fixas e os operadores aéreos terán a obrigaón de abrir unha conta de haberes de titular na Área Española do Rexistro da Unión Europea.

Para estes efectos, as resolucións de aprobación e extinción dos plans de seguimento das emisións dos operadores aéreos comunicaranse á Oficina Española de Cambio Climático, como órgano competente en materia de rexistro conforme o número seguinte, no prazo de dez días desde a súa adopción.

3. O Rexistro da Unión Europea será accesible ao público, nos termos previstos na normativa da Unión Europea. O órgano competente en relación coa Área Española do Rexistro da Unión Europea será a Oficina Española de Cambio Climático do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico. Esta Oficina exercerá as súas competencias en relación coa actividade das contas de haberes das instalacións situadas en territorio español, dos operadores aéreos cuxa xestión corresponda a España e das contas de persoas físicas e xurídicas que fosen abertas na Área Española do Rexistro da Unión Europea após petición dirixida a ela, sen prexuízo da competencia que teñen as comunidades autónomas en relación coa inscrición do dato de emisións verificadas das instalacións fixas.

4. O Rexistro da Unión Europea terá por obxecto a inscrición de todas as operacións relativas á expedición, titularidade, transmisión, transferencia, entrega, supresión, retirada e cancelación dos dereitos de emisión, das unidades de redución de emisións e das reducións certificadas de emisións, así como á constitución de dereitos reais ou outra clase de gravames sobre eles, na medida en que así o determine a normativa pola que se estableza e regule o Rexistro da Unión Europea. Así mesmo, inscribirá a suspensión da capacidade de transmitir as unidades citadas nos supostos previstos no artigo 26 bis, así como no resto de supostos que estean previstos pola normativa da Unión Europea de desenvolvemento.

5. As normas de organización e funcionamento da Área Española do Rexistro da Unión Europea desenvolveranse por real decreto, de acordo co disposto na normativa da Unión Europea pola que se establece e regula o Rexistro da Unión Europea.

Artigo 26. *Expedición de dereitos de emisión.*

1. Cada ano, a Oficina Española de Cambio Climático comunicará á Comisión Europea a cantidade de dereitos de emisión que deben expedirse ese ano, de conformidade cos artigos 14, 19, 38 e 41, tanto para instalacións fixas como para o sector da aviación.

2. Antes do 28 de febreiro de cada ano a Oficina Española de Cambio Climático propondrá ao administrador central do Rexistro da Unión Europea a execución automática da transferencia, desde a conta de asignación da Unión Europea correspondente á conta de haberes de cada titular e operador aéreo, pola cantidade de dereitos de emisión outorgados gratuitamente que lle correspondan conforme os acordos a que se refiren os artigos 19.5, 38.5 e 41.

3. Non obstante, a transferencia a que se refire o número 2 non será proposta con referencia a 28 de febreiro de cada ano cando concorra algunha das circunstancias establecidas na normativa da Unión Europea de aplicación e na normativa de desenvolvemento desta lei.

4. Poderá non ser proposta con referencia a 28 de febreiro de cada ano a transferencia a que se refire o número 2 no caso de que se executase a transferencia da asignación de anos anteriores e, con posterioridade, se teña coñecemento de que existe unha diminución da actividade que supoña unha redución da asignación gratuíta outorgada para ese ano e até o momento en que o titular da conta de haberes da instalación realice a devolución do exceso de dereitos de emisión transferidos.

5. Poderá non ser proposta con referencia a 28 de febreiro de cada ano a transferencia a que se refire o número 2 cando o plan metodolóxico de seguimento non cumpra cos requisitos establecidos regulamentariamente.

6. A transferencia de dereitos de emisión outorgados gratuitamente aos novos entrantes producirase de conformidade coa normativa da Unión Europea e, se for o caso, coa normativa de desenvolvemento desta lei e, en todo caso, após a comunicación da comunidade autónoma á Oficina Española de Cambio Climático de que a instalación se entrou en funcionamento.

Artigo 26 bis. *Suspensión das operacións de transmisión de dereitos de emisión.*

1. Nos supostos previstos nos números 2 e 3 do artigo 23, o titular non poderá transmitir dereitos de emisión en canto o órgano autonómico competente non inscriba o dato sobre emisións.

2. Nos supostos previstos nos números 2 e 3 do artigo 36 ter, o operador aéreo non poderá transmitir dereitos de emisión en canto o Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico non inscriba o dato sobre emisións.

Artigo 27. *Supresión e entrega de dereitos de emisión.*

1. A Oficina Española de Cambio Climático tomará as medidas necesarias para que os dereitos de emisión se supriman en calquera momento a petición do seu titular.

2. Antes do 30 de abril de cada ano, os titulares das instalacións e os operadores aéreos deberán entregar un número de dereitos de emisión equivalente ao dato de emisións verificadas inscrito de conformidade co disposto nos artigos 23 e 36 ter.

A entrega determinará a transferencia de dereitos desde a conta de haberes do titular da instalación ou do operador aéreo e quedará reflectida nas táboas de entrega de dereitos e de estado de cumprimento.

3. Non haberá obrigação de entregar dereitos de emisión relativos a emisións cuxa captura estea comprobada e que se transportasen para o seu almacenamento permanente a unha instalación cunha autorización vixente de conformidade coa lexislación en vigor sobre almacenamento xeolóxico de dióxido de carbono.

4. Para cumprir coas obrigações previstas no número 2, os titulares de instalacións fixas e os operadores aéreos incluídos no réxime de comercio de dereitos de emisión non poderán entregar dereitos de emisión expedidos por un Estado membro respecto do cal existan obrigações que se extingan para os titulares de instalacións fixas e os operadores aéreos, como consecuencia da notificación de retirada da Unión dese Estado membro conforme o previsto no artigo 50 do Tratado da Unión Europea.

Artigo 28. *Relación da Área Española do Rexistro da Unión Europea co administrador central.*

Cando o administrador central a que a Comisión Europea encomende a función de xestión do Rexistro da Unión Europea informe a Oficina Española de Cambio Climático de irregularidades que detectase en relación con algunha operación de transferencia de dereitos de emisión, suspenderase cautelarmente a inscrición da operación afectada, así como calquera outra en que estean implicados os dereitos de emisión correspondentes, até se resolveren as irregularidades detectadas.»

Vinte e cinco. O artigo 29 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 29. *Tipificación das infraccións para instalacións fixas.*

1. Para os efectos desta lei, e tendo en conta o disposto na lexislación autonómica e na normativa da Unión Europea, sen prexuízo das responsabilidades

penais, civís ou outras administrativas a que houber lugar, as infraccións administrativas clasifícanse en moi graves, graves e leves.

2. Son infraccións administrativas moi graves as seguintes:

1.º Exercer a actividade sen a preceptiva autorización de emisión de gases de efecto invernadoiro.

2.º Incumprir a obrigaón de informar sobre a modificación do carácter, o funcionamento ou o tamaño da instalación, establecida no artigo 6, sempre que supoña alteracións significativas nos datos de emisións ou requira cambios na metodoloxía aplicable para cumprir as obrigaóns de seguimento previstas no artigo 4.2.d).

3.º Non presentar o informe anual verificado das emisións exixido no artigo 22.1.

4.º Ocultar ou alterar intencionadamente a información exixida no artigo 19.3 ou incumprir a obrigaón de informar, ao abeiro do artigo 6, de cambios na instalación que poidan ter incidencia na determinación do volume de dereitos asignados.

5.º Incumprir a obrigaón de entregar dereitos exixida no artigo 27.2 ou, no caso das instalacións excluídas do réxime de comercio de dereitos de emisión, incumprir a medida de mitigación equivalente á prevista pola participación no réxime de comercio de dereitos de emisión definida regulamentariamente.

6.º Impedir o acceso do verificador aos locais da instalación nos supostos en que estea facultado polo anexo IV desta lei e a súa normativa de desenvolvemento.

7.º Non achegar a información necesaria para o procedemento de verificación.

8.º Non presentar o informe do nivel de actividade verificado exixido no artigo 22.2.

9.º Non presentar a modificación do plan metodolóxico de seguimento conforme o previsto no desenvolvemento regulamentario desta lei, cando a modificación teña incidencia na determinación do volume de dereitos asignados.

10.º Incumprir a obrigaón de devolver os dereitos gratuítos transferidos en exceso unha vez que adquira firmeza a resolución pola que se ordena a devolución.

3. Son infraccións administrativas graves:

1.º Ocultar ou alterar intencionadamente a información exixida nos artigos 5 e 6.

2.º Incumprir a obrigaón de informar sobre a modificación da identidade ou o domicilio do titular establecida no artigo 6.

3.º Incumprir as condicións de seguimento das emisións establecidas na autorización cando do incumprimento deriven alteracións nos datos de emisións.

4.º Incumprir as normas reguladoras dos informes anuais verificados sobre as emisións, sempre que implique alteración dos datos de emisións.

5.º Incumprir as normas reguladoras do informe do nivel de actividade verificado, sempre que implique alteración dos datos de niveis de actividade.

6.º Non presentar a modificación do plan metodolóxico de seguimento conforme o previsto no desenvolvemento regulamentario desta lei, cando a modificación se considere importante conforme a normativa da Unión Europea e non teña incidencia na determinación do volume de dereitos asignados.

4. Son infraccións administrativas leves:

1.º Incumprir as condicións de seguimento das emisións establecidas na autorización cando do incumprimento non deriven alteracións nos datos de emisións.

2.º Incumprir as normas reguladoras dos informes anuais verificados sobre as emisións, sempre que non implique alteración dos datos de emisións.

3.º Incumprir as normas reguladoras do informe do nivel de actividade verificado, sempre que non implique alteración dos datos de niveis de actividade.

4.º Non presentar a modificación do plan metodolóxico de seguimento, conforme o previsto no desenvolvemento regulamentario desta lei, cando a modificación non se considere significativa conforme a normativa da Unión Europea.

5.º Incumprir calquera outra obrigaón establecida nesta lei cando o incumprimento non estea tipificado como infracción administrativa moi grave ou grave nos números precedentes.»

Vinte e seis. O artigo 29 bis queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 29 bis. *Tipificación das infraccións para a aviación.*

1. Para os efectos desta lei, e tendo en conta o disposto na normativa da Unión Europea, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou outras administrativas a que houber lugar, as infraccións administrativas en materia de aviación clasifícanse en graves, moi graves e leves.

2. Son infraccións administrativas moi graves as seguintes:

1.º Non presentar o informe anual verificado exixido no artigo 36 bis, número 1.

2.º Ocultar ou alterar intencionadamente a información exixida nos artigos 38 e 40.

3.º Incumprir a obrigaón de entregar dereitos exixida no artigo 27.2.

4.º Non achegar a información necesaria para o procedemento de verificación.

5.º Incumprir a obrigaón de presentar o plan de seguimento de emisións.

3. Son infraccións administrativas graves:

1.º Ocultar ou alterar intencionadamente a información exixida no artigo 36.

2.º Incumprir as condicións de seguimento das emisións establecidas no plan de seguimento, cando do incumprimento deriven alteracións nos datos de emisións.

3.º Incumprir as normas reguladoras dos informes anuais verificados, sempre que implique alteración dos datos de emisións.

4. Son infraccións administrativas leves:

1.º Incumprir as condicións de seguimento das emisións establecidas no plan de seguimento cando do incumprimento non deriven alteracións nos datos de emisións.

2.º Incumprir as normas reguladoras dos informes anuais verificados, sempre que non implique alteración dos datos de emisións.

3.º Incumprir calquera outra obrigaón establecida nesta lei, cando tal cousa non estiver tipificada como infracción administrativa moi grave ou grave nos números precedentes.»

Vinte e sete. Introdúcese unha alínea e) no número 1 do artigo 32 coa seguinte redacción:

«e) A diferenza entre o nivel de actividade real e o notificado en virtude do artigo 22.2.»

Vinte e oito. O artigo 34 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 34. *Medidas de carácter provisorio.*

Cando se iniciase un procedemento sancionador por infracción moi grave ou grave, e se for necesario para asegurar a eficacia da resolución, o órgano

competente para sancionar poderá acordar algunha ou algunhas das seguintes medidas provisionais para instalacións fixas:

- a) Clausura temporal, parcial ou total, das instalacións, unicamente cando se trate de procedementos incoados por infraccións moi graves, e tendo en conta o disposto no artigo 32.4.
- b) Precintaxe de aparellos ou equipamentos.
- c) Suspensión temporal da autorización de emisión de gases de efecto invernadoiro.
- d) Suspensión do acceso ás contas do Rexistro da Unión Europea.
- e) Suspensión da transferencia da asignación gratuita de dereitos de emisión que tivese recoñecida.

As medidas provisionais previstas nas alíneas d) e e) poderán acordarse tamén para operadores aéreos cando se iniciase un procedemento sancionador por infracción moi grave ou grave.»

Vinte e nove. O artigo 35 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 35. *Potestade sancionadora.*

1. No que respecta ás instalacións fixas, corresponde ás comunidades autónomas o exercicio da potestade sancionadora, con excepción das infraccións previstas nos artigos 29.2.4.º, 8.º, 9.º e 10.º; 29.3.5.º e 6.º e 29.4.3.º e 4.º, nas cales o exercicio da potestade sancionadora recaerá na Administración xeral do Estado.

2. O titular da Secretaría de Estado de Ambiente exercerá a potestade sancionadora sobre os operadores aéreos, logo de informe da Axencia Estatal de Seguridade Aérea.»

Trinta. O número 3 do artigo 35 bis queda redactado nos seguintes termos:

«3. A resolución do procedemento sancionador, nos supostos previstos no artigo 35 de competencia da Administración xeral do Estado, recaerá na persoa titular da Secretaría de Estado de Ambiente, con excepción da infracción tipificada en artigo 29.2.4.º, sobre a cal resolverá o Consello de Ministros, logo de informe da Avogacía do Estado.»

Trinta e un. O capítulo IX queda redactado nos seguintes termos:

«CAPÍTULO IX

Aviación

Artigo 36. *Plans de seguimento.*

1. Os operadores aéreos deberán contar cun plan de seguimento en que se establezan medidas para realizar o seguimento e a notificación dos seus datos de emisións anuais e toneladas-quilómetro transportadas.

2. Ao menos catro meses antes do comezo do primeiro período de notificación, os operadores aéreos deberán presentar ante o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana plans de seguimento.

O período de seguimento en relación cos datos de toneladas-quilómetro limitarase ao ano natural que finalice vinte e catro meses antes do comezo de cada período de comercio.

3. Corresponderá ao Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, logo de informe do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, aprobar, conforme os criterios establecidos na normativa da Unión Europea e nos desenvolvementos regulamentarios desta lei que, se for o caso, se adopten,

os plans de seguimento sobre os datos de emisións e toneladas-quilómetro transportadas presentados polos operadores aéreos antes do comezo do período de notificación. O informe do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana deberá ser emitido no prazo máximo de dous meses desde a presentación do plan. A Secretaría de Estado de Ambiente informará a Comisión de Coordinación de Políticas de Cambio Climático dos plans de seguimento aprobados.

4. O operador aéreo deberá revisar regularmente o plan de seguimento aprobado e, en todo caso, antes do comezo de cada período de comercio.

Calquera modificación do plan de seguimento deberá presentarse ante o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana para o seu informe e posterior aprobación polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico. Cando o Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico considere que a modificación do plan presentado non sexa significativa conforme a normativa da Unión Europea e non requira aprobación, informará desa circunstancia o operador aéreo. O operador aéreo manterá un rexistro de todas as modificacións do plan de seguimento conforme a normativa da Unión Europea.

5. Os plans de seguimento de emisións quedarán extinguidos nos supostos seguintes:

- a) Apertura da fase de liquidación en concurso de acredores se a disolución da persoa xurídica non se acordou previamente, ou extinción da personalidade xurídica.
- b) Perda definitiva dos certificados ou licenzas exixibles para operar.

Artigo 36 bis. *Notificación de emisións de operadores aéreos.*

1. O operador aéreo deberá remitir ao Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, antes do 28 de febreiro, o informe verificado sobre os datos das emisións producidas durante o ano anterior, que se axustará ao exixido no plan de seguimento, segundo o disposto no artigo 36, e á parte B do anexo III.

O contido mínimo do informe verificado sobre as emisións virá determinado pola normativa da Unión Europea sobre notificación e seguimento das emisións e, se for o caso, pola normativa de desenvolvemento desta lei.

O informe deberá ser verificado de conformidade co disposto no anexo IV e a normativa da Unión Europea sobre verificación e acreditación e, se for o caso, coa normativa de desenvolvemento desta lei. A citada normativa será sometida ao informe preceptivo da Comisión de Coordinación de Políticas de Cambio Climático.

A normativa de desenvolvemento en materia de notificación e seguimento poderá incluír requisitos sobre o uso de sistemas automatizados e formatos de intercambio de datos para harmonizar a comunicación sobre o plan de seguimento, o informe anual sobre os datos das emisións e as actividades de verificación entre o titular, o verificador e as autoridades competentes.

2. Os operadores aéreos a que se refire o anexo I que comecen a desenvolver unha actividade de aviación das recollidas no anexo I despois do 1 de febreiro de 2009 realizarán o informe relativo ás emisións do primeiro ano de actividade utilizando as disposicións relativas a lagoas de datos previstas na normativa da Unión en materia de seguimento e notificación das emisións.

As obrigacións previstas neste número serán aplicables ás emisións que teñan lugar a partir do 1 de xaneiro de 2010.

3. Os operadores aéreos que, conforme os criterios establecidos na normativa da Unión Europea aplicable e, se for o caso, os desenvolvementos regulamentarios desta lei, sexan considerados pequenos emisores poderán empregar os procedementos de seguimento e notificación simplificados que se prevexan na citada normativa.

Así mesmo, poderanse aplicar procedementos simplificados para os operadores aéreos sempre que tales procedementos non proporcionen menos exactitude da

que proporciona o instrumento para pequenos emisores nos casos previstos na normativa da Unión Europea.

4. Cando, de conformidade coa definición da actividade de aviación recollida no cadro do anexo I, un operador aéreo deixe de realizar actividades de aviación incluídas no ámbito de aplicación desta lei, deberá remitir unha comunicación ao Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana en que se acredite esta circunstancia. No prazo dun mes, o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana responderá informando de que non ten obxeccións ou ben, se as tiver, indicando cales son.

Cando un novo operador que apareza atribuído a España na «Lista de operadores de aeronaves e Estados membros responsables da xestión que lles corresponden» a que se refire o número 6 do anexo I non realice actividades incluídas no ámbito de aplicación desta lei, procederá de conformidade co previsto no número anterior.

5. A información cuberta polo segredo profesional non poderá divulgarse a ningunha outra persoa ou autoridade excepto no previsto por disposicións legais ou regulamentarias.

Artigo 36 ter. Valoración do informe verificado sobre as emisións do ano precedente dos operadores aéreos.

1. Se o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana emitir informe favorable respecto ao informe sobre os datos das emisións verificado presentado por un operador aéreo, notificarao ao Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico para que este inscriba, antes do 31 de marzo, o dato sobre emisións do ano precedente na táboa de emisións verificadas que para tal efecto se habilite na Área Española do Rexistro da Unión Europea.

2. Se o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana discrepar do informe verificado, notificará ao operador aéreo a existencia de discrepancias, a proposta de resolución destas para poder considerar satisfactorio o informe e, se for o caso, a estimación de emisións. Examinadas as alegacións do operador aéreo, o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana resolverá e solicitará ao Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico que inscriba, na táboa de emisións verificadas habilitada para tal efecto no rexistro, o dato sobre emisións do operador aéreo.

3. Nos supostos en que o operador aéreo non remita o informe verificado no prazo establecido no artigo 36 bis, o Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, por solicitude do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, estimará as emisións e inscribirá na táboa de emisións verificadas habilitada para tal efecto na Área Española do Rexistro da Unión Europea o dato sobre emisións do operador aéreo.

4. A estimación do dato de emisións nos supostos dos números 2 e 3 realizarase de acordo coa metodoloxía exigible.

A estimación do dato de emisións das actividades de aviación realizarase aplicando as disposicións relativas a lagoas de datos previstas na normativa da Unión Europea en materia de seguimento e notificación das emisións sobre as actividades realizadas polo operador aéreo.

5. A Comisión de Coordinación de Políticas de Cambio Climático poderá solicitar que as autoridades competentes para o exercicio das funcións previstas neste artigo informen no seu seo do desenvolvemento delas.

Artigo 37. Cantidade total de dereitos para o sector da aviación.

Os dereitos de emisión de cada período de comercio asignaranse aos operadores aeronaves de acordo co previsto nos artigos seguintes.

A cantidade total de dereitos de emisión que se expida para o sector da aviación na Unión Europea no seu conxunto será a determinada pola Comisión Europea de acordo coa normativa da Unión.

Artigo 38. *Asignación de dereitos de emisión aos operadores aéreos.*

1. Para cada un dos períodos de comercio definidos no artigo 13, cada operador aéreo poderá solicitar a asignación de dereitos de emisión gratuitos, de acordo co establecido na normativa da Unión Europea.

2. A devandita solicitude presentárase ante o Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico.

O prazo de presentación da solicitude para cada período de comercio, o seu contido e a documentación que deba acompañala serán determinados regulamentariamente.

A solicitude consistirá nos datos de toneladas-quilómetro verificados en relación coas actividades de aviación enumeradas no anexo I realizadas por ese operador aéreo no ano de seguimento para a asignación dun período de comercio.

Para os efectos do parágrafo anterior, o ano de seguimento para a asignación dun período de comercio será o ano natural que finalice vinte e catro meses antes do comezo do período de comercio.

O Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico remitirá as solicitudes de asignación recibidas ao Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, que poderá emitir informe sobre esas solicitudes nun prazo dun mes contado desde a recepción da solicitude.

3. O Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico remitirá á Comisión Europea as solicitudes de asignación recibidas acompañadas do informe que, se for o caso, emitise o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, de acordo co establecido na normativa da Unión Europea.

4. A asignación aos operadores aéreos basearase nos parámetros que, de conformidade coa normativa da Unión Europea, determine a Comisión Europea ao menos quince meses antes do comezo de cada período de comercio. Estes parámetros son:

a) A cantidade total de dereitos de emisión que se asignarán para ese período de comercio.

b) O número de dereitos de emisión que deban poxarse nese período de comercio.

c) O número de dereitos de emisión da reserva especial para os operadores aéreos nese período de comercio.

d) O número de dereitos de emisión que deban asignarse gratuitamente nese período de comercio restando o número de dereitos de emisión determinados nas alíneas b) e c) da cantidade total de dereitos de emisión sobre os que se tomase a decisión a que se refire a alínea a), e

e) O valor de referencia que se utilizará para asignar gratuitamente os dereitos de emisión aos operadores aéreos que presentasen solicitude de asignación conforme o número 2.

5. A asignación de dereitos de emisión, unha vez realizado o trámite de información pública, adoptárase mediante acordo do Consello de Ministros, logo de consulta á Comisión de Coordinación de Políticas de Cambio Climático, e por proposta dos ministerios de Asuntos Económicos e Transformación Dixital; de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana; e para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico. Este acordo deberá adoptarse e publicarse no prazo de tres meses a partir da data de adopción da decisión da Comisión Europea a que se refire o número 4.

6. O acordo de Consello de Ministros relativo á asignación de dereitos de emisión determinará:

a) O total de dereitos asignados para o período de comercio en cuestión a cada operador aéreo que solicitase asignación, que se determinará multiplicando as toneladas-quilómetro verificadas que figuren na súa solicitude polo valor de referencia indicado na alínea e) do número 4.

b) Os dereitos de emisión asignados a cada operador aéreo para cada ano, que se determinarán dividindo o total dos dereitos de emisión asignados para o período de comercio en cuestión, calculado de conformidade coa alínea a), entre o número de anos do período en que ese operador aéreo estea realizando unha actividade de aviación enumerada no anexo I.

Aqueles solicitantes que non se inclúan na lista de operadores con dereitos de emisión asignados deberán entender desestimada a súa solicitude.

7. O acordo de asignación será comunicado, no prazo de dez días desde a súa adopción, á Oficina Española de Cambio Climático.

8. As resolucións sobre a asignación individualizada de dereitos de emisión aos operadores aéreos serán accesibles ao público, nos termos e coas limitacións previstas nas normas reguladoras do dereito de acceso á información en materia de ambiente.

Artigo 39. Reserva especial para determinados operadores aéreos.

1. O tres por cento da cantidade de dereitos de emisión que deban asignarse aos operadores aéreos a escala da Unión Europea para os períodos de comercio establecidos no artigo 13 destinarase a unha reserva especial para os operadores aéreos:

a) Que comecen a desenvolver unha actividade de aviación das mencionadas no anexo I unha vez transcorrido o ano de seguimento para a asignación dun período de comercio.

b) Cuxos datos sobre toneladas-quilómetro aumenten por termo medio máis dun dezaioito por cento anual entre o ano de seguimento para a asignación dun período de comercio e o segundo ano natural dese período de comercio.

2. As actividades descritas no número anterior non representarán na súa totalidade ou en parte unha continuación dunha actividade de aviación realizada previamente por outro operador aéreo.

3. A xestión da reserva especial realizarase de acordo coa normativa da Unión Europea e, se for o caso, coa normativa de desenvolvemento desta lei.

Artigo 40. Solicitude de asignación á reserva especial para determinados operadores aéreos.

1. Poderán solicitar asignación gratuíta de dereitos de emisión da reserva especial os operadores aéreos que cumpran os criterios establecidos no artigo anterior. As solicitudes de asignación dirixiranse en formato electrónico á Oficina Española de Cambio Climático do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico antes do 30 de xuño do terceiro ano do período de comercio a que se refira a solicitude en cuestión, e deberán:

a) Facilitar datos sobre toneladas-quilómetro, verificados conforme a parte B dos anexos III e IV, en relación coas actividades de aviación enumeradas no anexo I realizadas polo operador aéreo no transcurso do segundo ano do período de comercio a que se refiran as solicitudes.

b) Achegar probas de que se cumpren os criterios para a obtención de dereitos de emisión conforme o artigo 39, e

c) No caso dos operadores aéreos a que se refire a alínea b) do artigo 39.1, declarar:

1.º O incremento porcentual en toneladas-quilómetro realizado polo operador aéreo entre o ano de seguimento para a asignación nun período de comercio determinado no artigo 13 e o segundo ano natural dese período,

2.º O crecemento absoluto en toneladas-quilómetro realizado polo operador aéreo entre o ano de seguimento para a asignación nun período de comercio determinado no artigo 13 e o segundo ano natural dese período, e

3.º O crecemento absoluto en toneladas-quilómetro que exceda a porcentaxe indicada na alínea b) do artigo 39.1, realizado polo operador aéreo entre o ano de seguimento para a asignación nun período de comercio determinado no artigo 13 e o segundo ano natural dese período.

O Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico remitirá as solicitudes de asignación recibidas ao Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, que deberá emitir informe sobre o cumprimento, por parte dos operadores, dos criterios para solicitar asignación da reserva especial nun prazo de tres meses contado desde a recepción da solicitude.

2. O Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, antes do 31 de decembro do terceiro ano do período de comercio en cuestión, remitirá á Comisión Europea as solicitudes de asignación da reserva especial recibidas xunto co informe relativo ao cumprimento dos criterios do artigo 39.

Artigo 41. Acordo de asignación de dereitos desde a reserva especial.

1. A resolución da asignación de dereitos de emisión da reserva especial, unha vez realizado o trámite de información pública, adoptarse por acordo do Consello de Ministros, logo de consulta á Comisión de Coordinación de Políticas de Cambio Climático, e por proposta dos ministerios de Asuntos Económicos e Transformación Dixital; de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana; e para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico.

2. O acordo do Consello de Ministros relativo á asignación de dereitos de emisión determinará:

a) A asignación de dereitos de emisión da reserva especial a todo operador aéreo cuxa solicitude fose presentada á Comisión Europea conforme o artigo 40.2, que se calculará multiplicando o valor de referencia que estableza a Comisión Europea, antes do 30 de xuño do cuarto ano do período de comercio en cuestión, por:

1.º No caso dos operadores aéreos a que sexa aplicable a alínea a) do artigo 39.1, as toneladas-quilómetro incluídas nas solicitudes presentadas á Comisión Europea conforme o artigo 40,

2.º No caso dos operadores aéreos a que sexa aplicable á alínea b) do artigo 39.1, o crecemento absoluto en toneladas-quilómetro que exceda o dezaioito por cento e que se indicase nas solicitudes presentadas á Comisión Europea conforme o artigo 40, e

b) A asignación de dereitos de emisión a cada operador aéreo para cada ano, que se calculará dividindo a súa asignación de dereitos de emisión conforme a alínea a) entre o número de anos naturais completos restantes do período comercio a que corresponda a asignación.

3. No que respecta aos operadores que reciban asignación da reserva especial, o acordo adoptase e publicárase nun prazo máximo de tres meses após a data de adopción do valor de referencia establecido na alínea a) do número anterior.

4. As asignacións a un operador aéreo en virtude da alínea b) do artigo 39.1 non excederán 1.000.000 de dereitos de emisión.

5. Os dereitos de emisión da reserva especial que non fosen asignados poxaranse conforme o disposto no artigo 14.»

Trinta e dous. Modifícase a disposición adicional primeira, que queda redactada nos seguintes termos:

«Disposición adicional primeira. *Incorporación da autorización de emisión de gases de efecto invernadoiro á autorización ambiental integrada.*

O contido da autorización de emisión de gases de efecto invernadoiro poderá incorporarse á autorización ambiental integrada regulada no texto refundido da Lei de prevención e control integrados da contaminación aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2016, do 16 de decembro, nas condicións que determinen as comunidades autónomas.»

Trinta e tres. Modifícase a disposición adicional segunda, que queda redactada nos seguintes termos:

«Disposición adicional segunda. *Autoridade nacional dos mecanismos baseados en proxectos do Protocolo de Quioto.*

1. Créase unha comisión que exercerá como autoridade nacional designada para os mecanismos baseados en proxectos do Protocolo de Quioto, coas seguintes funcións:

a) Emitir os informes preceptivos sobre a participación voluntaria nos proxectos de desenvolvemento limpo e aplicación conxunta, de acordo co previsto na normativa internacional e da Unión Europea vixente.

b) Actuar como punto focal de España na relación coa autoridade nacional designada por outros países para a promoción e desenvolvemento de proxectos de desenvolvemento limpo e aplicación conxunta.

c) Elevar á Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos e á Comisión de Coordinación de Políticas de Cambio Climático un informe anual sobre as actuacións levadas a cabo durante o ano anterior.

2. A autoridade nacional designada promoverá a subscripción de convenios coas comunidades autónomas co albo de fomentar e facilitar o desenvolvemento dos mecanismos baseados en proxectos do Protocolo de Quioto á Convención marco das Nacións Unidas sobre o cambio climático.

3. A comisión estará integrada por un vogal da Presidencia do Goberno e dous vogais con rango de subdirector xeral designados polos titulares dos ministerios competentes en materia de asuntos exteriores, Unión Europea, cooperación, economía, industria, turismo, comercio, ambiente e enerxía, e por un representante das comunidades autónomas competentes elixido na forma que estas acorden.

A presidencia da comisión corresponde á persoa titular da Secretaría de Estado de Ambiente.

A secretaría da comisión encomendarase a un funcionario da Oficina Española de Cambio Climático que, de non ter a condición de vogal, asistirá ás reunións con voz e sen voto.

4. A comisión rexerese polo disposto no título preliminar, capítulo II, sección 3.^a da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.»

Trinta e catro. Modifícase a disposición adicional, que queda redactada nos seguintes termos

«Disposición adicional terceira. *Proxectos de desenvolvemento limpo e de aplicación conxunta.*

1. Os promotores de proxectos de desenvolvemento limpo e de aplicación conxunta que, de acordo co previsto na normativa internacional e da Unión Europea, deban contar con informe da autoridade nacional designada por España presentarán solicitude acompañada dunha copia do proxecto e a súa descrición técnica.

2. A autoridade nacional designada deberá analizar o proxecto nun prazo máximo de dous meses e emitir informe baseándose nos criterios técnicos e ambientais establecidos na normativa internacional e da Unión Europea, en particular, nas decisións 16 e 17/CP.7 da Conferencia das Partes da Convención marco das Nacións Unidas sobre o cambio climático.

3. O uso de mecanismos baseados en proxectos para o cumprimento das obrigacións cuantificadas asumidas por España dará carácter prioritario aos proxectos en materia de eficiencia enerxética e enerxías renovables.

4. Para facilitar o desenvolvemento dos mecanismos baseados en proxectos, as comunidades autónomas poderán crear centros que colaboren coa autoridade nacional nos seguintes ámbitos:

a) Facilitar o coñecemento das alternativas dispoñibles aos diferentes actores económicos locais para que valoren os custos e beneficios.

b) Traballar cos participantes potenciais no mercado para aumentar a súa capacidade e para facilitar os coñecementos das modalidades dos mecanismos baseados en proxectos do Protocolo de Quioto.

c) Editar material sobre os mecanismos baseados en proxectos e servir de punto de contacto para os promotores de proxectos.

d) Fomentar o intercambio de coñecementos entre diferentes rexións.

e) Coñecer e aplicar programas da Unión Europea, das Nacións Unidas ou doutros organismos multilaterais.

f) Facilitar que os actores económicos definan e desenvolvan innovación en metodoloxía.

g) Facilitar e coordinar os intereses das empresas nos diferentes momentos dun mecanismo baseado en proxectos.

h) Fomentar a colaboración entre o sector público e o sector privado nesta materia.

i) Efectuar unha valoración previa en relación cos proxectos presentados por empresas situadas no ámbito territorial da comunidade autónoma e propolos, se for o caso, á autoridade nacional designada para efectos do previsto no número 1.a) da disposición adicional segunda.»

Trinta e cinco. Modifícase a disposición adicional cuarta, que queda redactada nos seguintes termos:

«Disposición adicional cuarta. *Exclusión de instalacións de pequeno tamaño.*

1. O órgano autonómico competente poderá acordar, logo de informe favorable do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, a exclusión, a partir do 1 de xaneiro de 2021 e até o 31 de decembro de 2025, das instalacións situadas no territorio da súa comunidade autónoma que teñan a consideración de pequenos emisores ou sexan hospitais, cando os respectivos titulares das instalacións o soliciten e acrediten o cumprimento dos requisitos que se establecen neste número. Para os efectos do disposto nesta disposición adicional serán pequenos emisores as instalacións que notifiquen á autoridade competente emisións inferiores a 25.000 toneladas equivalentes de dióxido de carbono, excluídas as emisións da biomasa,

para cada un dos tres anos precedentes á solicitude de asignación a que se refire o artigo 19, e que, cando realicen actividades de combustión, teñan unha potencia térmica nominal inferior a 35 MW.

Regulamentariamente establecerase o prazo de presentación das solicitudes de exclusión e calquera outro aspecto que se considere pertinente, de acordo coa normativa da Unión Europea.

A solicitude de exclusión deberá presentarse ao órgano competente que designe a comunidade autónoma. Irá acompañada de documentación xustificativa que acredite o cumprimento das seguintes condicións:

a) Que se aplicarán medidas de mitigación que conduzan a unha contribución á redución de emisións equivalente á prevista pola participación no réxime de comercio de dereitos de emisión.

O Goberno determinará mediante real decreto que medidas de mitigación se consideran equivalentes para os efectos do parágrafo anterior.

b) Que se implantará un sistema de seguimento e notificación de información sobre emisións equivalentes ás previstas nesta lei.

A este respecto, o órgano autonómico competente poderá autorizar medidas simplificadas de seguimento, notificación e verificación para as instalacións cuxas emisións medias anuais verificadas entre 2008 e 2012 sexan inferiores a 5.000 toneladas anuais.

Así mesmo, poderá autorizar ás instalacións non incluídas no réxime da Unión Europea durante o período de aplicación da exclusión requisitos simplificados para o seguimento, a notificación e a verificación a fin de determinar as emisións nos tres anos precedentes á solicitude de asignación a que se refire o artigo 19.

2. O órgano competente, logo de trámite de información pública non inferior a tres meses, remitirá o expediente completo ao Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, o máis tardar dezaseis meses antes do comezo do período de comercio de que se trate, para a súa tramitación á Comisión Europea para efectos do disposto polo artigo 27 da Directiva 2003/87/CE, do 13 de outubro de 2003.

Se, nun prazo de seis meses desde a notificación á Comisión Europea, esta non formular obxeccións á exclusión, considerarase adoptada.

3. As instalacións excluídas quedarán sometidas ao réxime de infraccións e sancións previsto no capítulo VIII, en canto afecte o cumprimento das obrigacións de seguimento e fornecemento da información sobre emisións.

4. O establecido nesta disposición adicional non exime os titulares das instalacións do cumprimento das obrigacións establecidas nesta lei até que se formalice a exclusión unha vez obtida a conformidade da Comisión Europea.

Neste caso, entenderase extinguida a autorización de emisión de gases de efecto invernadoiro con data correspondente ao primeiro día do período de asignación en que vai estar excluída. A instalación excluída non recibirá dereitos de emisión mentres permaneza nesa situación.

5. Se unha instalación excluída, cando non se trate dun hospital, emitir 25.000 toneladas equivalentes de dióxido de carbono ou máis, sen contabilizar as emisións da biomasa, no transcurso dun mesmo ano civil ou, sexa cal for a tipoloxía da instalación, xa non se aplicasen a esa instalación medidas que permitan conseguir unha contribución equivalente á redución de emisións, a instalación introducirase de novo no réxime.

As instalacións que se reintroduzan no réxime de comercio de dereitos de emisión permanecerán nel até finalizar o período de asignación en curso. De conformidade coas normas da Unión Europea de carácter transitorio para a harmonización da asignación gratuita de dereitos de emisión, a instalación poderá solicitar asignación. Todos os dereitos que se lle expidan concederanse a partir do

ano da reintrodución. Os dereitos expedidos a estas instalacións deduciranse da cantidade que vaia ser poxada.

6. O Goberno poderá excluír do réxime de comercio de dereitos de emisión as instalacións que emitan menos de 2.500 toneladas equivalentes de dióxido de carbono, sen contabilizar as emisións da biomasa, para cada un dos tres anos precedentes á solicitude de asignación a que se refire o artigo 19, de acordo co que se estableza en desenvolvemento dela.

7. No ano 2023, o Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico realizará un informe sobre a aplicación até a data do réxime de exclusión das instalacións de baixas emisións. Á vista dos resultados deste informe, o Goberno, regulamentariamente, poderá estender a aplicación do réxime de exclusión a partir de 2026.»

Trinta e seis. Modifícase a disposición adicional quinta, que queda redactada nos seguintes termos:

«Disposición adicional quinta. *Redución de gases de efecto invernadoiro procedentes de actividades non suxeitas ao réxime de comercio de dereitos de emisión.*

1. Articularase un mecanismo para a expedición de dereitos de emisión ou créditos en relación con proxectos situados no territorio nacional para reducir emisións de gases de efecto invernadoiro procedentes de actividades que non están suxeitas ao réxime de comercio de dereitos de emisión. Regulamentariamente, e logo de consulta da Comisión de Coordinación de Políticas de Cambio Climático, estableceranse os termos concretos deste mecanismo, que se axustará á normativa da Unión Europea sobre esta materia, e que se aplicará sen prexuízo doutras medidas estratéxicas para reducir emisións procedentes desas actividades contidas na normativa vixente.

2. En ningún caso se permitirá a expedición de dereitos de emisión ou créditos que supoñan un dobre cómputo de reducións de emisións.

3. Igualmente, poderán articularse outros sistemas de comercio de emisións á marxe do réxime da Unión Europea co fin de favorecer unha redución de gases de efecto invernadoiro nas actividades non suxeitas a el.»

Trinta e sete. Modifícase a disposición adicional sexta, que queda redactada nos seguintes termos:

«Disposición adicional sexta. *Compensación de custos indirectos.*

1. O Goberno, por proposta conxunta dos ministerios de Industria, Comercio e Turismo; Asuntos Económicos e Transformación Dixital; e para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, establecerá a creación dun mecanismo de compensación dos custos indirectos significativos imputables ás emisións de gases de efecto invernadoiro repercutidas nos prezos da electricidade do cal poderán beneficiarse as instalacións pertencentes a sectores e subsectores expostos a un risco real de fugas de carbono.

2. A contía das compensacións non será superior, para cada instalación, aos custos polas emisións de CO₂ que trasladaron os xeradores de electricidade e manterá o incentivo para que se reduza o consumo de electricidade na instalación, garantindo a compensación polos consumos eficientes. A compensación dos custos quedará condicionada ao cumprimento das normas da Unión Europea sobre axudas de Estado aplicables e, en concreto, non provocarán distorsións indebidas da competencia no mercado interior.

3. Se for o caso, e na medida en que a normativa da Unión Europea aplicable o permita, en particular a referida a axudas de Estado, serán susceptibles de beneficiarse dese mecanismo tanto instalacións incluídas no ámbito de aplicación

desta lei como aquelas que, aínda non estando, se poidan ver afectadas polos custos indirectos a que se refire o número 1.

4. O Goberno procurará non destinar a este mecanismo de compensación dos custos indirectos un importe anual superior ao vinte e cinco por cento dos ingresos anuais obtidos por España procedentes da poxa de dereitos de emisión. A partir de 2021 e anualmente, nos casos en que se supere esa porcentaxe, o Ministerio de Industria, Comercio e Turismo e o Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico elaborarán conxuntamente e publicarán un informe que xustifique os motivos polos cales se superou o dito importe.

O informe incluirá, ao menos, a seguinte información:

a) Información pertinente sobre os prezos da electricidade no ano de referencia para os grandes consumidores industriais que se beneficien das axudas, sen prexuízo das exixencias relativas á protección da información confidencial.

b) Información sobre se se tiveron debidamente en conta outras medidas para reducir de maneira sustentable os custos indirectos do carbono a medio e longo prazo.

5. No primeiro trimestre de cada ano, o Ministerio de Industria, Comercio e Turismo porá ao dispor do público, nunha forma facilmente accesible, o importe total das axudas que, se for o caso, se concedan conforme a presente disposición, desagregado por sectores e subsectores beneficiarios.

Esta información quedará recollida, ademais, na Base de datos nacional de subvencións, de conformidade cos artigos 18 e 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.»

Trinta e oito. Modifícase a disposición adicional sétima, que queda redactada nos seguintes termos:

«Disposición adicional sétima. *Prácticas contrarias á libre competencia, actividades relacionadas co branqueo de capitais ou o financiamento do terrorismo ou abuso de mercado.*

1. A Secretaría de Estado de Ambiente notificará á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, se for o caso cando proceda, calquera feito de que teña coñecemento en relación coa organización das poxas que poidan constituír infracción da lexislación de defensa da competencia. En particular, comunicará calquera indicio de acordo, decisión ou recomendación colectiva ou práctica concertada ou conscientemente paralela que teña por obxecto, produza ou poida producir o efecto de impedir, restrinxir ou falsear a competencia no proceso de poxa.

2. Así mesmo, a Oficina Española de Cambio Climático, como autoridade competente en materia da administración da Área Española do Rexistro da Unión Europea, informará sen demora as autoridades competentes en materia de investigación e loita contra a fraude, o branqueo de capitais ou o financiamento do terrorismo, corrupción ou outros delitos graves, de calquera actuación sospeitosa en relación con estas materias e cooperará coas autoridades competentes nacionais ou europeas en materia de supervisión dos mercados de dereitos de emisión, cando teña motivos razoables para sospeitar que se están a realizar actos constitutivos de operacións con información privilexiada nese mercado, e de acordo cos mecanismos de coordinación establecidos pola normativa da Unión Europea.»

Trinta e nove. A disposición transitoria primeira queda redactada como segue:

«Disposición transitoria primeira. *Réxime transitorio para o cumprimento das obrigacións de entrega até o 30 de abril de 2021.*

1. Para cumprir coa obrigaón de entrega referida no artigo 27.2 no período de comercio 2013-2020, os titulares de instalacións deberán entregar un número de dereitos de emisión distintos dos dereitos de emisión asignados á aviación, en

cantidade equivalente ao dato de emisións verificadas desa instalación durante o ano anterior, o máis tardar o 30 de abril de cada ano.

2. Para cumprir coa obrigaición de entrega referida no artigo 27.2 no período de comercio 2013-2020, os operadores aéreos deberán entregar un número de dereitos de emisión, en cantidade equivalente ao dato de emisións verificadas dese operador aéreo durante o ano anterior, o máis tardar o 30 de abril de cada ano.»

Corenta. A disposición transitoria segunda queda redactada nos seguintes termos:

«Disposición transitoria segunda. *Uso de créditos internacionais para o período de comercio 2013-2020.*

As unidades correspondentes aos créditos internacionais xerados polas actividades de proxectos de aplicación conxunta (unidades de redución de emisións «URE») ou mecanismos de desenvolvemento limpo (reducións certificadas de emisións «RCE») do Protocolo de Quioto, de conformidade co artigo 11 ter da Directiva 2003/87/CE, do 13 de outubro de 2003, serán elixibles para o seu uso e intercambio por dereitos de emisión válidos, na medida en que non superen os límites cuantitativos e cualitativos establecidos na normativa da Unión Europea, e até a data que esta determine.»

Corenta e un. A disposición transitoria terceira queda redactada como segue:

«Disposición transitoria terceira. *Réxime transitorio para a aviación durante o período 2013-2023.*

1. Durante cada ano natural comprendido entre o 1 de xaneiro de 2013 e o 31 de decembro de 2023, non serán aplicables as obrigaicións do RCDE UE aos voos con destino ou orixe en aeródromos situados en países non pertencentes ao espazo económico europeo, nin tampouco aos voos entre un aeródromo situado nunha rexión ultraperiférica no senso do artigo 349 do Tratado de funcionamento da Unión Europea e un aeródromo situado noutra rexión do espazo económico europeo. Todo isto sen prexuízo do cumprimento das obrigaicións adicionais que poida introducir a normativa da Unión Europea ou a nacional para efectos do instrumento de mercado global da Organización de Aviación Civil Internacional.

2. En relación co disposto no artigo 36 bis.3, cando un operador aéreo teña unhas emisións anuais inferiores a 3.000 toneladas no ámbito de aplicación descrito no número 1 desta disposición, as súas emisións notificadas consideraranse verificadas se foron determinadas mediante o instrumento para pequenos emisores aprobado por normativa da Unión Europea alimentado por Eurocontrol con datos do seu instrumento de apoio ao RCDE UE.

3. Entre o 1 de xaneiro de 2013 e o 31 de decembro de 2023, os operadores aéreos recibirán cada ano un número de dereitos de emisión gratuítos que se reducirá en proporción á redución das obrigaicións do RCDE UE no ámbito de aplicación descrito no número 1 deste artigo.

4. A partir do 1 de xaneiro de 2021, o número de dereitos de emisión asignado gratuitamente aos operadores aéreos estará supeditado á aplicación do mesmo factor de redución linear aplicable á asignación das instalacións fixas.

5. Antes do 1 de setembro de 2018, publicarase o número de dereitos de emisión do sector da aviación asignados a cada operador de aeronaves no que respecta ás actividades do período que comeza o 1 de xaneiro de 2017 e finaliza o 31 de decembro de 2023.

6. Entre o 1 de xaneiro de 2013 e o 31 de decembro de 2023 poxarase a cantidade de dereitos de emisión para o sector da aviación que determine a normativa da Unión Europea.

7. Para efectos do cumprimento da obrigaición de entrega de dereitos descrita no artigo 27.2, os operadores aéreos deberán entregar un número de dereitos de

emisión equivalente ao dato de emisións verificadas incluídas no ámbito de aplicación a que se refire o primeiro número deste artigo.»

Corenta e dous. Suprímense as disposicións transitorias cuarta a décimo cuarta da Lei 1/2005, do 9 de marzo, pola que se regula o réxime do comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro, ambas inclusive.

Corenta e tres. Modifícase a disposición derradeira primeira, que queda redactada como segue:

«Disposición derradeira primeira. *Títulos competenciais.*

Esta lei dítase ao abeiro das competencias exclusivas do Estado previstas no artigo 149.1.13.^a e 23.^a da Constitución, en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica e de lexislación básica sobre protección do ambiente, exceptuando a disposición adicional segunda, sen prexuízo das competencias de execución que teñen as comunidades autónomas en materia de lexislación de ambiente.

Non obstante o anterior, aquelas materias relacionadas coa aviación dítanse tamén ao abeiro da competencia exclusiva do Estado prevista no artigo 149.1.20.^a da Constitución en materia de control do espazo aéreo, tránsito e transporte aéreo.»

Corenta e catro. Modifícase a disposición derradeira segunda, que queda redactada como segue:

«Disposición derradeira segunda. *Incorporación do dereito da Unión Europea.*

Esta lei incorpora ao ordenamento xurídico español a Directiva 2003/87/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de outubro de 2003, pola que se establece un réxime para o comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro na Comunidade, modificada polas directivas 2008/101/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 19 de novembro de 2008, pola que se modifica a Directiva 2003/87/CE co fin de incluír as actividades de aviación no réxime comunitario de comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro, a Directiva 2009/29/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de abril de 2009, pola que se modifica a Directiva 2003/87/CE para perfeccionar e ampliar o réxime comunitario de comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro, e parcialmente a Directiva (UE) 2018/410 do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de marzo de 2018, pola que se modifica a Directiva 2003/87/CE para intensificar as reducións de emisións de forma eficaz en relación cos custos e facilitar os investimentos en tecnoloxías hipocarbónicas, así como a Decisión (UE) 2015/1814.»

Corenta e cinco. Modifícase a disposición derradeira terceira, que queda redactada como segue:

«Disposición derradeira terceira. *Desenvolvemento regulamentario.*

1. O Goberno, no ámbito das súas competencias, ditará as disposicións necesarias para o desenvolvemento desta lei.

2. O Goberno, mediante real decreto, poderá modificar o anexo I desta lei para establecer a exclusión de determinados voos das actividades de aviación en caso de que a Comisión Europea adopte modificacións das actividades de aviación enumeradas no anexo I da Directiva 2003/87/CE para excluír os voos procedentes dun terceiro país que adoptase medidas para reducir o impacto no cambio climático dos voos procedentes dese país que aterren na Unión Europea.»

Corenta e seis. Suprímese a disposición derradeira terceira bis.

Corenta e sete. No anexo I, relativo a «Categorías de actividades e gases incluídos no ámbito de aplicación», modifícanse as epígrafes 6, 9 e 13 e engádese unha nova

alínea k) na epígrafe 29 na táboa de actividades, que quedan redactadas do seguinte modo:

(...)

«6. Produción ou transformación de metais férreos (como ferroalixes) cando se explotan unidades de combustión cunha potencia térmica nominal total superior a 20 MW. A transformación inclúe, entre outros elementos, laminadores, requentadores, fornos de recocemento, forxas, fundición e unidades de recubrimento e decapaxe.»

(...)

«9. Produción ou transformación de metais non férreos, incluída a produción de alixes, a refinación, a moldaxe en fundición, etc., cando se explotan unidades de combustión cunha potencia térmica nominal total (incluídos os combustibles utilizados como axentes redutores) superior a 20 MW.»

(...)

«13. Fabricación de produtos cerámicos mediante forno, en particular de tellas, tixolos, tixolos refractarios, azulexos, gres cerámico ou porcelanas, cunha capacidade de produción superior a 75 toneladas por día.»

(...)

«29. Aviación:

Voos con orixe ou destino nun aeródromo situado no territorio dun Estado membro a que se aplica o Tratado ou un Estado do Espazo Económico Europeo.

Esta actividade non incluírá:

(...)

k) A partir do 1 de xaneiro de 2013 e até o 31 de decembro de 2030, os voos que, excepto polo presente punto, entrarían dentro desta actividade, efectuados por un operador de aeronaves non comerciais que realice voos cun total anual de emisións inferior a 1.000 toneladas ao ano.»

Corenta e oito. Na parte A do anexo III, relativa a «Seguimento e notificación das emisións de instalacións fixas», modifícase o número cuarto, que queda redactado nos seguintes termos:

«4. Seguimento das emisións doutros gases de efecto invernadoiro.

Recorreráse aos métodos normalizados ou aceptados desenvolvidos pola Comisión Europea, en colaboración con todos os interesados correspondentes, e adoptados de conformidade coa normativa da Unión Europea sobre notificación e seguimento de emisións de gases de efecto invernadoiro en aplicación da Directiva 2003/87/CE, do 13 de outubro de 2003.»

Corenta e nove. O anexo V queda redactado como segue:

«ANEXO V

Suxeitos afectados polas disposicións da lei

Suxeitos afectados	Disposicións
Instalacións fixas.	Artigos 4 a 8, 13.2, 16 a 23 bis e 29. Disposicións adicionais primeira, cuarta e sexta. Anexo III parte A e anexo IV parte A.
Operadores aéreos.	Artigos 29 bis, 31 e 36 a 41. Anexo III parte B e anexo IV parte B. Disposición transitoria terceira.

Suxeitos afectados	Disposicións
Instalacións fixas e operadores aéreos.	Artigos 1 a 3 bis, 9 a 12, 13.1, 14 e 15, 24 a 28, 30 e 32 a 35 bis. Disposicións adicionais segunda, terceira, quinta e sétima. Disposicións derradeiras primeira a quinta. Disposicións transitorias primeira e segunda. Anexo I, II e V.»

Disposición transitoria única.

O relativo á asignación gratuíta de dereitos de emisión e novos entrantes do período de comercio 2013-2020 rexeráse polo previsto nos artigos 2, 16, 17, 18 e 19 da Lei 1/2005, do 9 de marzo, pola que se regula o réxime de comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro, na súa versión anterior ás modificacións introducidas polo artigo único desta lei.

Así mesmo, o artigo 4.5 da Lei 1/2005, do 9 de marzo, pola que se regula o réxime de comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro, na súa versión anterior ás modificacións introducidas polo artigo único desta lei, continuará a ser de aplicación até o 31 de decembro de 2020, data a partir da cal despreparará os seus efectos o número once do citado artigo único.

Disposición derradeira primeira. *Títulos competenciais.*

Esta lei dítase ao abeiro das competencias exclusivas do Estado previstas no artigo 149.1.13.^a e 23.^a da Constitución, en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica e de lexislación básica sobre protección do ambiente, excepto o número trinta e dous do artigo único, sen prexuízo das facultades que teñan as comunidades autónomas para establecer normas adicionais de protección e de xestión en materia de protección do ambiente. Non obstante o anterior, o número trinta do artigo único dítase tamén ao abeiro da competencia exclusiva do Estado prevista no artigo 149.1.20.^a da Constitución en materia de control do espazo aéreo, tránsito e transporte aéreo.

Disposición derradeira segunda. *Incorporación do dereito da Unión Europea.*

Esta lei incorpora parcialmente ao ordenamento xurídico español a Directiva (UE) 2018/410 do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de marzo de 2018, pola que se modifica a Directiva 2003/87/CE para intensificar as reducións de emisións de forma eficaz en relación cos custos e facilitar os investimentos en tecnoloxías hipocarbónicas, así como a Decisión (UE) 2015/1814.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 16 de decembro de 2020.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,
PEDRO SÁNCHEZ PÉREZ-CASTEJÓN